

Proxectos de transformación ecosocial con perspectiva interseccional nos ámbitos rural e urbano de Galicia

Paula Robleda Simón

Tutora: María Inês Gusman Correia Araujo Barbosa

Traballo de Fin de Máster

Curso académico 2023-2024

CAMPUS DE LUGO

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

1. Introducción.....	4
2. Obxectivos.....	6
3. Estado da cuestión.....	6
3.1 Contextualización histórica do sistema capitalista e neoliberalismo como problemática.....	6
3.2 Teorías e modelos alternativos de cohesión social.....	9
3.3 Galicia como estudo de caso.....	17
4. Metodoloxía da Investigación.....	28
5. Novas vías: as cooperativas como camiño.....	31
5.1 Presentacións das cooperativas.....	31
5.2 Resultados.....	37
6. Conclusións.....	56
7. Bibliografía.....	60

ÍNDICE DE FIGURAS

1. Figura 1.....	18
2. Figura 2.....	22
3. Figura 3.....	22
4. Figura 4.....	32

RESUMO

Galego

Ante un mundo consumido polos ritmos frenéticos do capitalismo e as súas desoladoras consecuencias, tanto nas dinámicas sociais como na esfera ecolóxica, nesta investigación visibilízanse as cooperativas de traballo asociado e/ou sen ánimo de lucro como forma empresarial alternativa que pode acompañar a transición ecosocial a un futuro máis xusto, horizontal e conectado coa nosa ecodependencia e interdependencia.

A través dunha metodoloxía cualitativa, con especial atención á perspectiva ecofeminista e interseccional, realizáronse seis entrevistas ás seguintes cooperativas galegas da Economía social e solidaria, enfocadas na transformación social e a visión ecosocial: Outonía, Rexenerando, Alalá, Arabías, Feitoría Verde e 7H Cooperativa Cultural.

Enfocándonos na identificación das súas estratexias e impactos nas comunidades e territorios de incidencia mediante unha praxe alonxada do sistema hexemónico, visibilizamos referentes como inspiración para un cambio posible.

Castelán

Ante un mundo consumido por los ritmos frenéticos del capitalismo y sus desoladoras consecuencias, tanto en las dinámicas sociales como en la esfera ecológica, en esta investigación se visibilizan las cooperativas de trabajo asociado y/o sin ánimo de lucro como forma empresarial alternativa que puede acompañar la transición ecosocial a un futuro más justo, horizontal y conectado con nuestra ecodependencia e interdependencia.

A través de una metodología cualitativa, con especial atención a la perspectiva ecofeminista e interseccional, se realizaron seis entrevistas a las siguientes cooperativas gallegas de Economía social y solidaria, enfocadas en la transformación social y la visión ecosocial: Outonía, Rexenerando, Alalá, Arabías, Feitoría Verde e 7H Cooperativa Cultural.

Enfocándonos en la identificación de sus estrategias e impactos en las comunidades y territorios de incidencia, mediante una praxis alejada del sistema hegemónico, visibilizamos referentes como inspiración para un cambio posible.

Inglés

In a world consumed by the frenetic pace of capitalism and its devastating consequences, both in social dynamics and in the ecological sphere, this research highlights worker cooperatives and/or non-profit cooperatives as an alternative business model that can

accompany the eco-social transition to a more just, horizontal future that is connected to our eco-dependence and interdependence.

Using a qualitative methodology, with a special focus on the ecofeminist and intersectional perspective, six interviews were conducted with the following Galician social and solidarity economy cooperatives, focused on social transformation and the eco-social vision: Outonía, Rexenerando, Alalá, Arabías, Feitoría Verde and 7H Cooperativa Cultural.

By focusing on identifying their strategies and impacts on the communities and territories they affect, through a praxis far removed from the hegemonic system, we highlight references as inspiration for possible change.

PALABRAS CHAVE

Galego

Cooperativas, Economía social e solidaria, Territorio, Comunidades, Transformación social e Ecofeminismos.

Castelán

Cooperativas, Economía social y solidaria, Territorio, Comunidades, Transformación social y Ecofeminismos

Inglés

Cooperatives, Social and Solidarity Economy, Territory, Communities, Social Transformation and Ecofeminism

1. INTRODUCCIÓN

A presente investigación analiza as características, interaccións e impacto das prácticas nas comunidades e territorios de incidencia de seis cooperativas galegas de traballo asociado e/ou sen ánimo de lucro, de diferentes contextos sociais e xeográficos, mediante entrevistas presenciais e *online* e seguindo unha metodoloxía de investigación cualitativa. Perséguese a identificación destas estratexias e impactos co fin de visibilizar a entidades que contribúen á transformación social fronte un sistema económico e sociocultural hexemónico, ampliar o coñecemento a través das súas prácticas e que sirvan como exemplo para outras entidades ou profesionais.

Nace do desencontro coa realidade experimentada, unha resposta ás “inquietudes encarnadas, que combinan la perspectiva auto, la experiencia encarnada corporeizada y nos mueve a la investigación” (Esteban, 2004 en Gallardo e Espinosa, 2019, p.3), dende unha perspectiva política e profesional anticapitalista, pretendendo aportar coñecemento a unha esfera que afecta profundamente á cultura, sociedade e, en definitiva, á vida.

Hoxe en día, só é necesario ler un periódico -ou no seu defecto, as redes sociais- para ser consciente das profundas feridas que o capitalismo tardío está producindo non só nas nosas estruturas económicas, senón en todas as esferas da vida, xerando “un contexto repleto de los síntomas cotidianos de la crisis, como (...) pánicos financieros semanales, aumentos desmesurados del desempleo y subempleo, en la polarización de ingreso y en la agudización de las luchas de clase (...)” (Saxe-Fernández e Fall, 2012, p.32). Sen embargo, achegarse constantemente a nosa actualidade pode levar a un pesimismo desmobilizador.

O desexo, por tanto, é aportar luz e “esperanza crítica”, como sinalaba un dos entrevistados, a esta crise estrutural, mobilizando ás lectoras a unha loita anticapitalista aterrizada. Amosar que existen vías de confrontamento eficaces ao sistema socioeconómico capitalista, tamén no contexto galego.

Con este fin, realizouse un proceso de recadación de información e contacto vía correo electrónico con entidades sociais de diferentes zonas de Galicia con perspectiva crítica, horizontal e colectiva, dirixidas á transformación social dende diferentes eixos -cultural, social, educativo ou artístico-. Con fin delimitante, seleccionouse a fórmula empresarial de Cooperativas de traballo asociado e/ou sen ánimo de lucro, compartindo as escollidas unha visión ecosocial, feminista e interseccional, con actividades variadas pero enfocadas na intervención sociocomunitaria, a democracia profunda, a educación social, a participación cidadá e a loita polos dereitos humanos. As organizacións entrevistadas, ás que estamos profundamente agradecidas pola súa aportación á sociedade galega e participación

nesta investigación, son *Outonía, Feitoría Verde, Arabías, Alalá, Rexenerando, 7H Cooperativa Cultural*. Ademais, realizouse unha aproximación -observación participante- a unha das actividades propostas por Outonía, para unha maior comprensión da práctica e interacción coa comunidade.

As cuestións atendidas enfocáronse, en primeiro lugar, no posicionamento e funcionamento interno das cooperativas, respondendo por exemplo á importancia dos coidados ou a lingua no seu quefacer ou o enfoque e recursos cos que contaban. Así mesmo, profundizouse na interrelación entre as cooperativas, as comunidades de incidencia e os territorios nos que operan, o seu impacto nestas e recursos de medición, así como a autopercepción en relación ao éxito e influencia na poboación e como alternativa ao sistema capitalista.

Por outra parte, o proceso de investigación levouse a cabo en varias fases, seguindo a Folgueiras (2009): A selección dun tema; revisión de literatura e selección do método investigador; recolección, análise e interpretación dos datos; elaboración de conclusións e, por último, a redacción deste Informe final.

Finalmente, a estrutura deste Traballo de Fin de Máster organízase en 8 apartados: En primeiro lugar, tras a Introducción e a presentación de Obxectivos, aténdese ao Estado da cuestión, unha revisión bibliográfica que teoriza aspectos como a problemática capitalista, as teorías e alternativas contrarias -con especial atención ás epistemoloxías feministas como guía-, e contextualiza a situación galega. O cuarto apartado corresponden á Metodoloxía, cualitativa, a poboación á que se dirixe e a Ética investigadora. En quinto lugar, preséntanse os Resultados acadados, que xiran en torno á presentación das cooperativas entrevistadas, a importancia dos coidados e a lingua galega na praxe, a posición política, metodoloxías e recursos dispoñibles, así como a delimitación do entorno xeográfico e sociocultural, a relación das cooperativas con este e, por último, aqueles aspectos vinculados co seu impacto nas comunidades de incidencia e, por tanto, na sociedade. En penúltimo lugar, sitúanse as Conclusións e, por último, a Bibliografía na que se apoia a investigación.

2. OBXECTIVOS

Obxectivo xeral

- ❖ Identificar estratexias e impactos das cooperativas galegas como alternativa ao sistema económico e sociocultural hexemónico.

Obxectivos específicos:

- ❖ Visibilizar referentes galegos de cooperativas de transformación social.
- ❖ Xerar coñecemento sobre os aprendizaxes aportados polo seu quefacer.
- ❖ Analizar o impacto das entidades estudadas nas comunidades de incidencia e a súa relación co territorio.

3. ESTADO DA CUESTIÓN

3.1 Contextualización histórica do sistema capitalista e o neoliberalismo como problemática

O termo “capitalismo” é abstracto, xa que existen diversidade de opinións en canto á súa definición, como sinala Dobb (1999). A visión máis estendida identifica a esta categoría histórica como sistema de iniciativa individual libre iniciado na Revolución industrial de fins do século XVIII, segundo o economicista Marx, onde as relacións económicas e sociais acórdanse a través dun contrato, o sustento obténse de maneira independente e non existen restricións legais -é dicir, un réxime de *laissez-faire* ou libre competencia-, pero a realidade é que isto non ocorreu de maneira pura en ningún país, salvo puntualmente en EE.UU. ou Gran Bretaña (Dobb, 1999, pp.17-18). Marx amplía a definición, asociando o capitalismo cun modo específico de produción e apropiación dos medios de produción, e relacións concretas entre individuos segundo a súa conexión con el -propietarios de capital e proletarios/traballadores-, no que a forza de traballo, única fonte de subsistencia para a poboación, é un obxecto de intercambio empregado polos propietarios para a extracción de plusvalía (Dobb, 1999).

Co fin de delimitar o momento histórico ao que se fai referencia nesta investigación, alúdese de novo a Dobb (1999) cando sinala que a etapa máis destacada é aquela na que o grado de influencia do proceso e plantexamentos capitalistas -como sistema socioeconómico- provocou a transformación da sociedade e do sistema de clases¹ imperante. Este proceso tivo o cumio na gran crise do capitalismo contemporáneo, a inicios do século XXI, revelando riscos como a destrución medioambiental, as crecentes guerras, desigualdades sociais e de

¹ Clase entendida como grupo social con características e intereses compartidos en base á súa relación co capital (Dobb, 1999).

desenvolvemento dispar entre países “centrais e periféricos” (Márquez, 2010, p.57) e entre rexións dun mesmo país (Pike, Rodríguez-Pose e Tomaney, 2017, en Barbosa, 2012). Este feito estivo motivado por transformacións como a desindustrialización fronte a unha economía de servizos en moitos territorios occidentais (Thrift e Olds, 1996 en Barbosa, 2021) e o aumento da súa competencia -e das empresas- na atracción de investimento, turismo e poboación con fins económicos (Anholt, 2007; Pasquinelli, 2013, en Barbosa, 2021). A clase dominante converteuse nunha elite transnacional (Márquez, 2010) privilexiada, dona do poder político, as forzas produtivas, materias primas e a dirección espiritual, que impuxo “nuevas formas de apropiación del trabajo sobrante en beneficio de los propietarios de los nuevos instrumentos de producción”, como sinalou Marx (en Dobb, 1999, p.31).

Benjamin (2016), en relación ao aspecto espiritual, considera ao capitalismo un fenómeno esencialmente relixioso por vertebrar a satisfacción de necesidades que recibían anteriormente resposta das relixións, onde o culto é ao capital, erguéndose como única realidade permanente a través da creación de metarrelatos -historias únicas e universais- (Moya e Callantes, 2012). Sen embargo, a visibilización cada vez máis evidente de problemáticas asociadas a este sistema -pos-neoliberal está xerando unha precarización do discurso e modelo hexemónico, segundo Moya e Callantes (2012).

Neste sentido, asóciase o capitalismo co neoliberalismo como corrente de pensamento político-económica baseada nos principios de desintervencionismo estatal económico e libre mercado, fundamentado na busca de lucro e a propiedade privada (Vega, 2023).

En relación ao proceso histórico do neoliberalismo, coetáneo das últimas etapas do capitalismo, así como as consecuencias deste a nivel sociocultural, político e económico, é de relevancia a escritora e activista Susan George (1999), que establece unha conexión entre estes e o auxe da extrema dereita actual. Expón como nos anos 50, pese ao clima desfavorable, promovéronse ideas liberais baseadas no protagonismo do mercado por parte de pensadores como Friedrich von Hayek ou Milton Friedman coa intención -con éxito- de obter unha hexemonía cultural mediante unha trama de redes e recursos internacionais liberais (Antoni Gramsci en George, 1999). Reforzáronse nos anos 80 polos cambios políticos -privatización do sector público, deterioro da democracia, impulso da competencia e “social-darwinismo”- desenvolto por figuras como Thatcher, de Gran Bretaña, ou Reagan, de Estados Unidos, que derivaron en crises cíclicas e xerarquización social (George, 1999), ou polas políticas de austeridade do século XXI, baseadas na estratexia de “acumulación por desposesión” que resultaron en recortes sociais históricos (Harvey, 2004 en Moya e Callantes, 2012).

Ademais, fomentáronse discursos normalizadores da violencia, como a extracción de recursos naturais das mans da oligarquía económica internacional a países empobrecidos polas dinámicas neocoloniais e imperialistas, derivando en ditaduras, invasións militares ou atraso económico (Delgado, 2004); ou as crises socioeconómicas continuadas, asumidas como naturais ou por carencias individuais das inadaptadas ao sistema, autorregulado e sen fallas. Teorías como a do Derrame (George, 1999; Delgado, 2004) -que afirma que as elites económicas repartirían os beneficios económicos obtidos e construírían empregos se dominasen o capital- xustificaron a acumulación de riqueza e diñeiro público e a dominación dos servizos, bens de produción ou recursos naturais por un pequeno sector elitista, privado e transnacional, sen intervención das institucións responsables de defender os dereitos colectivos, como o FMI, os Estados ou o Banco Mundial. A desmobilización da poboación, cada vez máis illada, fragmentada e pasiva, foi tamén resultado das políticas ideolóxicas do neoliberalismo, tras o que a sociedade desvinculouse da loita obreira e identificouse con valores das clases altas alleas á súa realidade, apoiando políticas contrarias aos seus intereses e negando a posibilidade de ser “desechables”, segundo Saramago (ilmensajerononeimpot., 2011), polo sistema.

Por outra parte, Delgado (2004) destaca o fenómeno histórico, sociocultural e político das últimas décadas: a Globalización neoliberal, impulsor do capitalismo e fundamentado no libre mercado, a innovación tecnolóxica e o individualismo social. Xerou grandes transformacións estruturais mundiais como o detrimento dos Estados-nación a favor dos propietarios do capital, o desmantelamento do Estado de Benestar ou a transformación dos dereitos cidadáns en mercantís e ao cidadán en consumidor universal neoliberal (Delgado, 2004; George, 1999). Tamén agravou as relacións de poder entre Norte e Sur Global, -con orixe na colonización- (Moya e Callantes, 2012), o caos climático e as migracións forzosas, evidencia das “consecuencias de vivir bajo un orden económico, político y cultural antagonico a los procesos que sostienen la vida” (Herrero, 2024, p.6).

Por último, Moya e Collantes (2012) afirman que a crise financeira do último século, estrutural á imposición do capitalismo e neoliberalismo, é unha crise civilizatoria e de vida produto do paradigma establecido polo sistema-mundo moderno/colonial, producindo crises sociais e ambientais reais, ecolóxicas, humanitarias, e en ámbitos como os coidados, as relacións socio-afectivas ou o traballo e consumo. Sen embargo, en sí mesmo, esta crise implica un proceso de esgotamento do propio modelo.

Por tanto, pártese dunha perspectiva anticapitalista, baseada na “experiencia que los sujetos despliegan por medio de su práctica política para la transformación de la cultura, el sistema político, la política misma y su propia constitución como sujeto social” (Alfonso e Sandoval, 2008, p.4, en Sandoval e Salcido,2014), fronte a este sistema hexemónico imposto.

Con esta base, atenderase a conceptos necesarios para a comprensión das esferas de análise e incidencia das alternativas de resistencia ao capitalismo, así como as perspectivas teórico-políticas que seguen e a súa propia contextualización.

3.2. Teorías e modelos alternativos de cohesión social

3.2.1. Conceptualización de termos en uso

a. Evolución do termo “comunidade” e a súa vinculación co territorio

O concepto de comunidade é elástica, como as define Keller (2023), xa que inclúe realidades e prácticas heteroxéneas (Vega-solís e Martínezbuján, 2017, en Keller, 2023). Nesta dirección, Bauman (2003 en Keller, 2023) presenta unha idealización de sociedades pasadas, rurais ou de outros territorios pola representación dunha comunidade perfecta baseada nunha solidariedade orgánica.

Unha primeira visión de comunidade dos anos 60, reducionista, vinculábaa ao rural, onde naturalmente existían relacións de solidariedade, contra o contexto urbano, vertebrador da súa perda. Ademais, autores como Tönnies (1887, en Schluchter, 2011, en Keller, 2023) contraponían comunidade tradicional -contexto vital orgánico, ríxido e baseado nas costumes e relacións de fidelidade e apoio- e moderna, exemplo de decadencia sociocultural. Redfield (2002 en Keller, 2023), pola súa banda, entendeu a comunidade como distintiva, pequena, illada e autosuficiente, ao que Bauman (2003, en Keller, 2023) engadiu que os membros da comunidade pertencían por nacemento e sen cuestionamento.

Un segundo momento na conceptualización da comunidade delimitouse pola Revolución Industrial, ante un cambio de tempos -agora marcados pola produción capitalista (Torns et al.2011 en Keller, 2023)- e relacións sociais, ante unha crecente individualización que dificultaba -e dificulta- as interaccións duradeiras, intensas, frecuentes, multidimensionais e fieis, lido como o fin da comunidade (Keller, 2023)

Tras este enfoque, Wellman e Leighton (1979, en Keller, 2023), que comezaran cunha visión inicial fatalista da comunidade das cidades como perdida -“Community lost” (p.49)-, avanzando á idealización dos barrios como clave para a comunidade salvada -“Community saved” (p.49)-, por facilitar vínculos de solidariedade e comunidades delimitadas, multidimensionais e case autosuficientes, chegaron á conceptualización das actuais

comunidades liberadas -“Community liberated”-. Estas baseábanse na creación de redes “liberadas” dos marxes territoriais dos barrios, axudadas polo transporte e comunicacións ante a necesidade de mobilidade social e residencial, onde as persoas forman parte de diferentes núcleos de relacións, de diversos niveles, intensidade e tipoloxía, flexibles e ramificados, incluíndo vínculos de apoio mutuo.

Segundo Cucó (2004, en Keller, 2023), a cidade permite xerar un amplo capital relacional -é dicir, un gran número de vínculos-, que serve como recurso ante a precarización dos servizos e bens públicos, desenvolvendo redes de subsistencia autoxestionada baseadas na confianza, proximidade e sentido de pertenza e identidade. Ante a ramificación das redes na cidade, as comunidades actuais xa non son grupos pechados, illados, e homoxéneos, senón colectividade plurais con necesidades e intereses comúns (Castro-Coma e Martí-Costa, 2016 en Keller, 2023) garantidoras de certidume e seguridade (Bauman, 2003 en Keller, 2023).

Por outra parte, Keller (2023) afirma que a comunidade ten un compoñente de decisión e motivación colectiva enfocada no seu proceso de construción, fundamentada no facer común, na bidireccionalidade, apoio mutuo e na xestión e gobernanza dos recursos comúns de maneira democrática e horizontal (Castro-Coma e Martí-Costa, 2016 en Keller, 2023).

Finalmente, en canto á relación co territorio, as comunidades estanse independizando deste, sendo as comunidades virtuais -tamén desterritorializadas ou transfronterizas- a máxima expresión deste fenómeno (Keller, 2023). Igualmente, non se pode negar a importancia da dimensión territorial como facilitadora na xeración de vínculos, identidade colectiva e de prácticas de comunalización cando existe a proximidade xeográfica, pero é de rigor, como sinala Quiroga Díaz e Gago (2017 en Keller, 2023), “problematizar a correspondencia entre comunidade, lugar e identidade; deixar de construír fronteiras fixas y renunciar a la construción de pertencencias exclusivas y estables” (p.52).

b. Territorio

O territorio, segundo Llanos-Hernández (2010) é un concepto teórico, metodolóxico e empírico que atende ao desenvolvemento espacial das relacións sociais establecidas nos ámbitos político, cultural, económico e social, pese a súa heteroxeneidade conceptual ante perspectivas diversas que evolucionan co cambio social e histórico.

Con fin delimitador, Barbosa (2021) cita a Storey cando este afirma que é “unha porción de espazo xeográfico que é reivindicado ou ocupado por unha persoa ou grupo de persoas ou por unha institución”, delimitado por fronteiras constituídas por lei. Knight, pola

súa parte, afirma que “o territorio non é, convértese” (1982, p.517, en Barbosa, 2021), modificado polas prácticas sociais e sentidos simbólicos que os humanos desenvolven en sociedade na relación co espazo (Llanos-Hernández, 2010). Asínciase ao concepto, segundo Paasi (2008b, en Barbosa, 2021), elementos materiais -terra-, funcionais -control do espazo- e simbólicos -identidade social-. Hoxe, entendemos territorios como entidades espaciais baixo a xurisdición dunha autoridade política e/ou administrativa, conformando Estados-nación, rexións ou cidades (M. Anderson, 1996, en Barbosa, 2021).

Así mesmo, os seres humanos, na interacción co espazo, habitúan a xuntarse en comunidades, mudando co tempo a relación destas entre sí e co territorio (Barbosa, 2021). De feito, a resposta contra a globalización intensifica as funcións identitarias do territorio (Tomlinson, 1999, en Llanos-Hernández, 2010) a través da construción dun discurso político de volta ao local, identificando o lugar das comunidades exclusivamente coa súa localidade (De Angelis, 2004, en Keller, 2023). Neste sentido, Brenner (1999, en Llanos-Hernández, 2010) considera que existe unha reescalada da territorialidade -unha reterritorialización- ante o aumento do valor ás formas de organización territorial sub e supranacionais. Así mesmo, a globalización xerou fenómenos de “multiterritorialidad” ante a convivencia constante entre territorios (Haesbaert, 2007, en Llanos-Hernández, 2010), como suxire Swyngedouw (2004 en Llanos-Hernández, 2010) co termo “glocalización” ou encontro entre o local e o global. Massey (1994 en Llanos-Hernández, 2010) chámao “global sense of place” -sentido global do lugar-, ante o novo escenario social provocado pola mundialización no que se viven simultaneamente experiencias, simbolismos e procesos en diferentes partes do mundo (Llanos-Hernández, 2010).

Nesta liña, Nogué (2016) afirma que asistimos a un cambio de paradigma mundial motivado polo cuestionamento dos valores sociais e sistema hexemónicos e preocupación pola relación cos ecosistemas e biodiversidade -tamén cultural-. Isto leva á sociedade contemporánea -occidental- a unha nova comprensión territorial, máis emocional (Nogué, 2010, en Nogué, 2016), derivando en novas prácticas, actitudes e experiencias en relación aos lugares, evidentes no rural. Na busca dunha vida plena, rexéitase a visión do espazo xeográfico como simple localización e comeza a comprenderse como un espazo existencial, “cuya materialidad tangible está (...) bañada de elementos (...) intangibles que convierten a cada lugar en algo único e intransferible” (Nogué, 2016, p.492). De feito, segundo o autor, os instrumentos de ordenación e planificación clásicos, así como as políticas de paisaxe europeas, fracasaron en dar resposta ás novas necesidades socioculturais ante o seu carácter

habitualmente cosmético, centrado na corrección de intervencións excesivas e desafortunadas que visibilizaron a incompreensión do lugar.

Por último, exemplifica esta transformación co xurdimento do neorruralismo, novas formas de produción e consumo e xestión territorial horizontais e comunitarias, así como a reivención de antigas profesións, como as escolas de pastores, como estratexia de revitalización económica e recuperación da esencia do lugar (Nogué, 2016).

c. Economía social e solidaria (ESS)

No marco de contextualización das cooperativas investigadas, estas inclúense dentro da ESS, que é, segundo RIPESS (2015, en Keller, 2023), unha confluencia entre a economía social, de tradición europea, e a economía solidaria, de orixe latinoamericano. Pode definirse como un conxunto de prácticas e formas de organización que pretenden desenvolver un plantexamento alternativo ao capitalismo e outros sistemas económicos autoritarios controlados polo Estado, resolvendo necesidades cunha lóxica contraria á empresarial capitalista. É protagonizada pola “gente común” (RIPESS, 2015, p. s/n en Keller, 2023, p.35), con axencia en todas as áreas da vida -económica, cultural, política, social e ambiental- e todos os sectores económicos, incluíndo a gobernanza, intercambio, consumo, produción, distribución e finanzas, co obxectivo de transformar o sistema socioeconómico e aos seus axentes, así como superar a desigualdade social imperante.

3.2.2. Epistemoloxías feministas como folla de ruta

A transformación social ao comunitario, foco das cooperativas entrevistadas, para que implique un cambio de paradigma, como reflexiona Keller (2023), ten que realizarse dende un posicionamento político feminista, que se enfoque na reorganización dos coidados e na modificación de elementos do sistema actual como a individualización das necesidades sociais e a mercantilización da súa satisfacción. Unha das vías é a autoorganización que, segundo a autora, facilita a politización e empoderamento colectivo, sendo unha “escuela de democracia” (Keller, 2023, p. 31). Autoras como Shiva ou Puleo, do Sur Global, ou Yayo Herrero e Amaia Pérez Orozco, do Norte, preséntanse como referentes dentro das epistemoloxías feministas, como sinala Eburne Bagué (Gestión Comunitaria, 2023).

Pero...cales son as súas aportacións e por que son fundamentais para este cambio de paradigma?

Actualmente, atopámonos nunha crise civilizatoria, como a denomina Orozco (2010), é dicir, unha crise multidimensional e acumulativa que afecta a todos os ámbitos da

existencia. Ante as evidentes debilidades estruturais e inxustizas propias do sistema actual, a economía feminista preséntase como unha forza que se opón á idea de que existe unha forma de capitalismo bo, reivindicando poñer a sostenibilidade da vida no centro e a comprensión da economía como un proceso de satisfacción de necesidades a través da xeración de recursos para o ben-vivir, é dicir, crear condicións para unha vida digna (Orozco, 2010). Sen embargo, aínda hoxe os fogares, segundo a autora, son quen se responsabilizan do benestar, ao ser o sostén da actividade económica, a través do traballo de coidados gratuito -e invisibilizado²- dunha maioría de mulleres, indispensable para o vivir.

A labor de coidados destes fogares, baseados en relacións xerárquicas de poder e desigualdade -de xénero, clase, etnia-, relégase a un segundo plano -á esfera invisible do sistema económico, desactivando a loita colectiva- fronte á lóxica do mercado, patriarcal³ e androcéntrica. Esta baséase na vida como medio de valorización do capital -situándoa nunha continua ameaza-, fronte á vida como fin, como critica Orozco (2010), traducíndose en corpos esgotados ante o intento de “compaginar los ritmos y necesidades de la vida con los del capital” (p.142). Sen embargo, este modelo está en crise ante o envellecemento poboacional, o cambio de rol das mulleres, a perda de redes de apoio ou a precarización, xa que nin o Estado nin as empresas poñen medios para garantir socialmente as necesidades que os fogares xa non poden cubrir. Neste sentido, destácase a creación de cadeas globais de coidados como unha nova forma de negocio e xeración de desigualdades sociais, onde estes se transfiren a través de eixos de poder entre mulleres do Norte global -incorporadas ao mercado de traballo- e mulleres migrantes -tendo que desatender ás súas propias familias no proceso- (Orozco, 2010).

A economía feminista propoñe entón unha serie de movementos estratéxicos, segundo Orozco, 2010):

(1) Loita política contra o capitalismo, enfocado no conflito capital-vida, que implique a redefinición do bo vivir como obxectivo socioeconómico, revalorización dos coidados -dende unha visión redistributiva- e da reprodución cotiá da vida, decrecemento e recoñecemento da ecodependencia e interdependencia -tamén emocional, asevera Herrero (2013)-, mobilizando o malestar das mulleres en termos estruturais e colectivos.

² Segundo Durán (en Orozco, 2010), sería preciso crear 26,4 millóns de empregos se se quixera converter as horas dedicadas ao traballo non remunerado en España en empregos a xornada completa.

³ Segundo Orozco (2010) e Herrero (2013) o Patriarcado é aquel sistema ontolóxico e ético no que a civilización -occidental- contraponse á natureza a través dun dominio do home -entendido como cultura, mente e racionalidade-, tamén fronte á muller -entendida como natureza, corpo e emoción- dende un prisma binario e baseado na explotación desta (Herrero, 2013). O home, a través do mercado capitalista, busca a súa autosuficiencia, negando a súa eco-dependencia e interdependencia coa sociedade (Orozco, 2010).

(2) Construción dunha nova lóxica económica, atendendo á discusión en relación a qué esferas económicas quérense potenciar -Estado, redes, fogares,...-

(3) Aposta pola redistribución “frente al delirio de crecimiento” (p.143) de todo, dos recursos, coidados e traballos -non remunerados e remunerados, atendendo aos socialmente necesarios fronte aos alienados- co fin de reverter desigualdades estruturais de xénero, clase, etnicidade, nacionalidade ou hexemonía global.

Herrero (2013) completa coa reivindicación da desacralización da propiedade e a necesidade de construción de sociedades con benestar universalizable.

Por tanto, a economía feminista conecta fortemente coa economía ecolóxica e o ecoloxismo social. Neste sentido, os ecofeminismos toman o relevo na loita. Di Yayo Herrero (2013) que estes son unha corrente de pensamento e movemento social xurdida nos anos 70 que atende ás sinerxías conceptuais e políticas entre feminismo e ecoloxismo, permitindo, a través dunha mirada crítica ao modelo sociocultural, político e económico actual, repensar as contradicións, transformar imaxinarios e plantexar novas formas de relación entre as persoas e coa natureza para alcanzar unha “cultura de paz” (Shiva, 2006, en Herrero, 2013). Así mesmo, valoriza os suxeitos, prácticas e elementos esenciais para a vida invisibilizados pola súa suposta inferioridade segundo o pensamento hexemónico, fuxindo da falsa crenza de autonomía da natureza e das persoas e a subordinación das emocións á razón que vende o capitalismo. De feito, afirma Hernando (2012:136, en Herrero, 2013) que “cuanto más devaluados están en el discurso social los vínculos y las emociones, más patriarcal es la sociedad” (p.281). É fundamental, por tanto, considerar politicamente ás emocións, sen cabida simbólica nos movementos sociais actuais, xa que:

“No hay revolución sin pasión, sin amor por la vida y por las personas. Invertir tiempo y energía en una lucha tan desigual, en la que a veces se tienen tantas dudas sobre el resultado que tendrá, sólo es posible si se vive con sentido pleno, con la cabeza y con el corazón” (Herrero, 2013, p.304).

Por outra parte, a autora denuncia que as sociedades actuais están levando a un “verdadero naufragio antropológico “ (Alba Rico e Fernández Liria, 2012, en Herrero, 2013), poñendo en risco os equilibrios ecolóxicos. Por tanto, Herrero (2013) afirma que só se pode saír desta crise e chegar á Democracia da Terra (Shiva, 2006, en Herrero, 2013), a través

dunha transición ecosocial xusta⁴, plantexando como debemos habitala e que nos mantén vivas. Para isto, precísase facer pedagogía popular e alfabetización ecolóxica para construír outro relato cultural e ecolóxico armónico coa existencia e que se restitúa o mantemento da vida no centro, así como as relacións de reciprocidade e apoio mutuo, só posible a través da construción colectiva, a participación activa, a escoita, o debate, a deliberación e a suma.

Porén, aínda que existen propostas alternativas de transición socioecolóxica, actualmente enfrontámonos a unha debilitada resposta social e capacidade política para facer fronte á ofensiva neoliberal, polo que é fundamental o traballo social de “retejer esa malla comunitaria” (Herrero, 2013, p.303), recoñecendo e impulsando a diversidade social. A perda de tecido asociativo e redes sociais e familiares son “caldo de cultivo para la emergencia de brotes fascistas”, advirte Herrero (2013, p.279), polo que a solidariedade é o único camiño.

Por último, a interseccionalidade convértese noutra pata ideolóxica fundamental como guía. Termo creado pola xurista estadounidense e feminista negra Kimberlé Crenshaw en 1989, atende á “raza e gênero como categorías mutuamente exclusivas de experiencia e análise” (Crenshaw, 1989, p.139 en Pereira, 2021). A realidade social, segundo Crenshaw, constitúese por sistemas de subordinación/discriminación, configurados por eixos de opresión como a clase, raza, xénero, relixión, diversidade funcional ou idade, que interactúan entre eles de maneira heteroxénea e dinámica, derivando en experiencias sociais multidimensionais e complexas para as persoas e comunidades marxinalizadas (Pereira, 2021). É dicir, o impacto dunha fonte de discriminación ou privilexio relativo varía segundo a combinación con outras fontes (Denis, 2008, en Pereira, 2021). Este aspecto é fundamental na comprensión das dinámicas dos territorios, así como a propia reivindicación da sabedoría construída por parte das comunidades do Sur e o por qué da súa invisibilización por parte do Norte Global.

3.2.3. Acción colectiva como resposta anticapitalista

Dende os inicios, segundo Bagué (Gestión Comunitaria, 2023), o capitalismo tratou de invisibilizar e eliminar calquera intercambio sen fins lucrativos con estratexias históricas como a “acumulación por desposesión” que levaba á transformación das formas de

⁴ Segundo Herrero (2024), esta é o Proceso compartido, planificado e desexado de reorganización da vida en común a través de políticas e economías que garanten a existencia digna -democrática- e sen violencia- para todas as persoas e comunidades, sendo este dereito satisfeito nun planeta con límites superados, compartido co resto de seres vivos, polo que é un exercicio de responsabilidade política e social o seu coidado e conservación para estes e ás próximas xeracións, e a adaptación decrecentista á crise climática.

organización colectivas en servidume laboral mediante o endebedamento e a privatización/mercantilización de bens comúns (Arrighi, 2007; Harvey, 2004; Federici, 2010, en *Gestión Comunitaria*, 2023). Sen embargo, múltiples propostas lexítimas conseguiron proliferar na loita contra o sistema capitalista e, como defende Herrero (2024), cada proxecto político ou movemento social ten dereito a elixir que estratexias e mensaxes dar, así como a discordar, sempre dende o alento á diversidade que suma. O importante, segundo a autora, é ter claro os obxectivos, que proxecto de sociedade e relación coa natureza e as persoas queren construír, así como ter consciencia da realidade con vocación de xustiza, redistribución e comprensión do punto de partida. Ademais, recorda que os cambios deben ser “por arriba y por abajo” (Herrero, 2013, p.303) e que existen falsas dicotomías simplistas nos movementos sociopolíticos, xa que é compatible -e necesaria- a autoorganización coa representación, o local e autoxestionado cos proxectos de escala macro, a institución en conxunción co pobo, entre outros. Nogué (2016), nesta liña, afirma que están crecendo circuítos alternativos que “no provocan cambios estruturales visibles, pero sí miles y miles de microcambios, en su mayor parte desconocidos por la Administración” (p. 497), no rural e urbano.

Por outra parte, tras a desarticulación dun Estado de Benestar de calidade polas políticas neoliberais dos 90, as últimas crises activaron as redes de axuda mutua e autoorganización colectiva -ante a precarización das condicións de vida-, a reflexión sobre a comunidade, o público e os límites do individualismo, así como o debate sobre o papel do Estado e da democracia (Nogué, 2016). Así mesmo, puxeron de manifesto outras formas de organización social do común, con especial atención ao actual xurdimento de experiencias locais de revalorización dos territorios, en moitas ocasións sen axuda oficial, a partir do fortalecemento as relacións lugar-comunidade (Benoît, Deffontaines y Lardon, 2006; Brunori, Marangon y Reho, 2007 en Nogué, 2016).

Así, os proxectos de xestión comunitaria, con formas xurídicas dispaes pero diferenciadas da xestión privada-lucrativa e a pública-burocrática, propoñen un modelo de uso do territorio físico -con atención á crise climática- e de relacións culturais, sociais e económicas que rompe coa lóxica transaccional e individualista do sistema actual (*Gestión Comunitaria*, 2023). Por tanto, son fundamentais na loita anticapitalista, xa que unha sociedade organizada é resiliente e ten capacidade de incidir na vida cotiá dende os ámbitos comunitarios, colectivos e veciñais, segundo Tapia (*Gestión Comunitaria*, 2023).

No presente traballo, co fin de acotar a tipoloxía de entidade e facilitar a análise de datos, seleccionouse ás cooperativas de traballo asociado e/ou sen ánimo de lucro. Aínda que se profundizará máis adiante sobre este tema, é importante definir que é o cooperativismo.

Unha cooperativa, segundo a “Declaración de la Alianza Cooperativa Internacional sobre Identidad Cooperativa” (Soler, 2006, p.51), desenvolta en 1995 polo Congreso de Manchester, é aquela asociación autónoma de persoas que voluntariamente deciden cubrir as súas necesidades socioculturais e económicas colectivamente mediante unha empresa de propiedade conxunta e xestión democrática. Así mesmo, o cooperativismo, nacido das clases traballadoras explotadas na súa loita por unha vida digna, baséase nos valores de autoaxuda, autorresponsabilidade, igualdade e equidade, solidariedade e democracia participativa, así como transparencia, vocación social, responsabilidade e honestidade, segundo Soler (2006).

Tras esta contextualización, aténdese ao caso concreto das cooperativas galegas e Galicia como territorio de estudo, analizadas a continuación, así como o papel da cultura na perseguida transformación social e algúns debates a atender para comprender a cuestión.

3.3. Galicia como estudo de caso

3.3.1. Caracterización do territorio.

Non é unha sorpresa que a nivel mundial, durante o século XX e o que levamos de XXI, ocorreu un crecemento sen límites das grandes aglomeracións urbanas, vivindo nelas máis do 50% da poboación mundial (Doval, 2013), sendo o 80% do Sur Global. Este fenómeno, que continuará a súa expansión, maniféstase especialmente nas rexións máis pobres ou periféricas, onde o medio rural “no ofrece claras alternativas de promoción personal y económica”, levando ao desprazamento ás grandes urbes (Doval, 2013, p.669).


No noso contexto, segundo o autor, dende comezos do século XXI, case o 66% da poboación galega⁵ vive en municipios entendidos como urbanos, que ocupan só o 12% da superficie de Galicia -cambio radical en relación á situación galega nos 80, fundamentalmente rural, tras un proceso de urbanización acelerado con grandes desequilibrios territoriais (Piñeira-Mantiñán, López-Rodríguez e Gusman, 2025)-, pese a que a Unión Europea considera Galicia como “región significativamente rural” (p.672). A poboación protagonista dos movementos migratorios internos e exteriores é xove, e escapa do medio rural buscando un futuro laboral próspero, ante novas vías de comunicación, envellecemento demográfico e éxodo rural sen freo.

⁵ 2.705.833 en 2024, sendo o 51,89% mulleres (IGE, s.f.)

Seguindo as novas directrices de ordenación de territorio da Xunta de Galicia, Doval (2013) explica que os habitantes de Galicia se distribúen en 30.098 entidades singulares de poboación⁶, repartidas en 3.778 parroquias⁷ e 315 municipios.

Os datos demográficos do Instituto Galego de Estadística (IGE, s.f.) vinculados co territorio, segundo o grao de urbanización, reforzan estas afirmacións, xa que sinalan que no período 2001-2024 a poboación galega aumentou especialmente na Zona intermedia (ZIP), nun 12,1%, aínda que tamén na Zona densamente poboada (ZDP), nun 4,2%, pero perdeu poboación na Zona pouco poboada (ZPP), especialmente nas provincias da Coruña, Lugo e Ourense. En 2024, Pontevedra situábase como a provincia con máis densidade poboacional, con 210,9 habitantes/km² fronte ao 91,5 de toda Galicia, existindo gran diferenza entre o eixo atlántico e o interior, como se pode ver na Figura 1, sendo Lugo a menor. De feito, fronte ao aumento de poboación en Pontevedra e Coruña, a poboación de Lugo e Ourense diminuíu en relación a 2001. Ademais, Pontevedra volveu a destacar na ZDP con 1.664,1 hab/km², aumentando nun 3,7% na última década (IGE, s.f.).

Figura 1: Densidade de poboación en Galicia (persoas/km²)



Fonte: IGE (s.f.).

⁶ Das cales o 90% hoxe teñen menos de 100 habitantes, onde viven o 22% das galegas.

⁷ Entidade territorial colectiva de poboación menor que o municipio en torno á que se organizan as aldeas e lugares dun municipio, que perdeu protagonismo nas zonas urbanas (Doval, 2013).

Este presente bebe de cambios estruturais, políticos e históricos explicados por autores como Álvarez (2011), que relata a historia do último século en Galicia.

Esta destaca polas fondas transformacións e crises. Tras unha postguerra complicada -que mantivo a Galicia nunha economía subsidiaria, déficits estruturais e hermetismo (Beiras, 1972 en Piñeira-Mantiñán, López-Rodríguez e Gusman, 2025)-, nos anos 60 vivíronse grandes mudanzas, de desagrarización, urbanización e asalarización, acompañadas na seguinte década por unha recesión económica nacional, con especial incidencia na comunidade galega, pola entrada de España na Comunidade Económica Europea (Álvarez 2011). Segundo o autor, nos 80 a Galicia Norte sufriu unha irreparable perda do tecido industrial e destrución de emprego, especialmente na área ferrolana, e na Galicia Sur afrontaron unha grave depresión do complexo marítimo e agroalimentario. O final de século foi protagonizado pola desmonopolización e privatizacións totais das entidades públicas esixidas pola UE, a desaparición de barreiras de entrada para empresas estranxeiras, o crecemento pola saída ao exterior de sociedades autóctonas e a aparición de novas formas de negocio adaptadas á globalización, permitindo unha gran recuperación económica na última década e inicios do XXI. Xa na segunda década do noso século, destaca a crise de 2008, a caída do sector da construción en 2010, con consecuencias no sector bancario, e a consolidación do turismo cultural vinculado ao Camiño de Santiago de Compostela e o turismo de saúde -balneario, vilas termais-, situado en áreas rurais escasamente desenvoltas (Álvarez, 2011).

En relación á política, cabe destacar que o Partido Popular de Galicia (PPdeG) leva ao mando da Xunta de Galicia dende 1981, salvo en dúas etapas (Calvo, 2021). Esta hexemonía constrúese con Manuel Fraga e o seu “proyecto (...) regresivo y modernizador, impulsado por un populismo autoritario” (Hall, 2018, en Calvo, 2021, p. 110), que debilitou os espazos políticos e simbólicos ao nacionalismo de esquerdas; e con Feijóo, que perseguiu a normalización lingüística do galego, debilitou o autogoberno e comezou a desarticulación dos servicios públicos.

Hoxe, a hexemonía explícase polo control dos medios de comunicación e o apoio das elites económicas, especialmente na Galicia rural, protagonizada por un “apoliticismo típico de las clases sociales más desposeídas (...) para intervenir en política” (Calvo, 2021, p. 111).

É interesante a análise que realiza Calvo (2021) en relación ás especificidades da política rural galega, rexeitada por concibirse como ameaza á comunidade. Realízase un traballo colectivo de neutralización, como plantexa Champagne (2002, en Calvo, 2021) e

represión das ideas disidentes, herencia das sociedades agrarias galegas da II República, onde a unanimidade de afiliación política era indispensable.

Así, beneficiáanse actualmente aquelas manifestacións políticas públicas máis neutrais por parte das clases populares rurais (Champagne, 2002, en Calvo, 2021); existindo un claro sesgo de clase e xénero (Bourdieu, 1998, en Calvo, 2021), materializado nun maior absentismo político nas persoas sen estudos ou estudos primarios -especialmente mulleres-.

Por outra parte, a política rural vincúlase absolutamente á vida local, visible na elección de representantes políticos -normalmente persoas influentes nas parroquias- baseada nunha cadena de “entreyudas cotidianas de todo tipo” (Calvo, 2021, p.116), priorizando a influencia social a razóns ideolóxicas. Este caciquismo político prioriza por tanto a quen participa da vida social desta de maneira máis activa (Calvo, 2021).

Por último, en relación á mobilización social de Galicia, enfocándonos no ámbito ecosocial, destacan os movementos de “Nunca Máis” de 2002 e “Altri Non”, actual.

En primeiro lugar, segundo Fernández e Peña (2004), “Nunca Máis” foi un movemento activista e plataforma cidadá motivada polas catastróficas consecuencias sociais e ambientais do vertido de petróleo do buque Prestige o 19 de novembro de 2002 e a falta de responsabilidade política por parte do goberno do Partido Popular ante o desastre. Tras a súa negativa de axuda material e humana, milleiras de voluntarias a nivel nacional intentaron frear o dano, razón pola que se constituíu a plataforma, direccionando a protesta mediante técnicas innovadoras de acción colectiva. Ademais, a súa labor ampliouse a cuestións de escala global, chegando a incluír manifestacións cidadás contra a guerra de Irak ou o apoio do goberno do PP á administración Bush, creando un amplo movemento de descontento popular que aglomerou a milleiros de persoas.

En segundo lugar, atopámonos dende 2022 coa loita “Altri Non” e a Plataforma Ulloa Viva, unha gran rede de asociacións comarcal organizadas inicialmente contra o parque eólico de Maxal. Segundo de Cea (2024), en outubro de 2021, o Goberno de Feijóo anunciaba que 850 millóns de euros dos fondos Next Generation -para aliviar a crise económica causada polo COVID-19- en Galicia irían enfocados a un proxecto de fábrica de fibras téxtiles da man da multinacional portuguesa Altri. Un ano despois, tras revelar que se realizaría en Palas de Rei, lugar de longa tradición de loita pola defensa do río Ulla, a proposta recibiu unha resposta cidadá case sen precedentes polo forte impacto -negativo- ecolóxico, patrimonial e socioeconómico que tería a súa actividade industrial (de Cea, 2024).

Mobilizouse a centos de cidadás, medios de comunicación, especialistas, comunidade universitaria e investigadora, representantes e institucións políticas -salvo o propio Goberno, cunha “actitude de desprezo” (p.2) ante as propostas de reunión da plataforma-, chegando a ter visibilidade estatal, co fin de difundir información sobre as consecuencias do proxecto e frealo a través do fomento da presentación de alegacións e oposición clara por parte de cidadás e colectivos (de Cea, 2024). É exemplificante do impacto acadado o número alto de agrupacións de traballo locais constituídas dende 2022 por toda Galicia, que desenvolveron múltiples accións contra Altri. De feito, como sinala de Cea (2024), “o rexeitamento a Altri está a ser o revulsivo dun espertar crecente da conciencia ecolóxica e do sentido de defensa do territorio que, antes (...), apenas existía” (p. 3), dando esperanzas na loita por unha terra que “pretendemos legar intacta” (de Cea, 2024, p.3).

3.3.2. O cooperativismo en Galicia

Como xa expoñíamos anteriormente, o cooperativismo é un conxunto de actividades económicas e empresariais que levan a cabo as entidades que buscan o interese colectivo dos seus integrantes, o interese xeral social ou ambos no ámbito privado (Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar, 2012).


O movemento cooperativo internacional, segundo a Alianza Cooperativa Internacional (*Cooperativismo*, 2024), agrupa a máis de mil millóns de persoas, cun rol económico e social fundamental nas comunidades. En España, xa en 2008 o 15% da poboación pertencía a unha cooperativa, con máis de 22.000 empresas e, en Galicia, un 2% da poboación ocupada, con 1.141 cooperativas activas con aproximadamente 80.000 socios, que crean 28.000 postos de traballo directos (*Cooperativismo*, 2024), pese a que aínda é unha opción minoritaria. .

O cooperativismo galego, de feito, está en auxe e consolidándose como alternativa (Blanco, 2025), sendo a segunda comunidade autónoma na creación de cooperativas, con 192 novas con 571 socias en 2024⁸, especialmente en A Coruña, como reflexa a Figura 2. Este fenómeno amosa a creatividade laboral á que a precariedade, despoboamento e falta de oportunidades abocou, pero tamén unha cultura de colaboración arraigada e tecido asociativo fortes e flexibles (Blanco, 2025). A viabilidade económica e o compromiso social, a identidade baseada na gobernanza democrática, a busca de emprego digno, a cooperación, igualdade, distribución equitativa, xestión colectiva e participación activa, son algunhas das

⁸ 174 das cales son de traballo asociado, con 389 membros (Blanco, 2025).

características que levan ao seu crecente éxito. Ademais, o cooperativismo presta atención á promoción de espazos de traballo inclusivos -sendo a metade de socias mulleres-, como explica Blanco (2025), así como permite a construción de redes de apoio mutuo entre persoas e territorios, a xeración de riqueza dende o local, fortalecendo a economía e situando ás persoas no centro.

Figura 2: Distribución de cooperativas por provincia.



Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar (2012).

Existe un gran número de tipoloxías de cooperativas (Figura 3), destacando ás agrarias, líderes na economía da sociedade rural galega, que representan un 30% das activas e un 7% da facturación total do cooperativismo agrario español, segundo o informe da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar (2012).

Figura 3: Tipoloxías de cooperativas



Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar (2012).

Sen embargo, destacan en Galicia as de traballo asociado, representando o 45%. Estas defínense, seguindo ao citado informe, por ser entidades que crean postos de traballo para os seus socios co fin de producir bens e servizos en común para vender a terceiros, especialmente no sector industrial e de servizos. Ademais, cabe destacar as Cooperativas Sen Ánimo de Lucro que, segundo a Unión de Cooperativas Espazo Coop., (2020), son unha fórmula xurídica empresarial, regulada por lei, que destacan por destinar os beneficios un Fondo de Reserva Obrigatorio e Irrepartible e a limitar a retribución das socias-traballadoras e persoal asalariado a un máximo de 150% de retribución establecidas polo convenio colectivo. Ademais, as súas actividades económicas vencéllanse a servizos que teñan por fin “mellorar a calidade de vida e condicións das persoas” (Unión de Cooperativas Espazo Coop., 2020, p.5), como educativos, artísticos, sociais ou culturais, entre outros, aportando na economía dos coidados, na dinamización territorial e redistribución de recursos. Sen embargo, son as grandes descoñecidas tanto social como institucionalmente, o que dificulta o seu apoio, os procesos administrativos e burocráticos e leva á inseguridade xurídica e económica (Unión de Cooperativas Espazo Coop., 2020).

En relación á lexislación á que se adscriben as cooperativas, a Xunta de Galicia dispón de competencia exclusiva a través da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar (2012), promulgando a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia. Porén, a Xunta de Galicia (2025), con motivo do Ano Internacional das Cooperativas declarado pola ONU, avanzou a creación dunha nova Lei adaptada á realidade actual co fin de axilizar a creación e consolidación destas. Outras normativas destacadas son o Decreto 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia ou a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais de Galicia (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración - Xunta de Galicia., s. f.).

Por último, algunhas das entidades clave neste sector a nivel galego e nacional son Unión de Cooperativas Espazo Coop. (*Cooperativismo*, 2024), entidade sen ánimo de lucro que aúna a diversas cooperativas para representalas a nivel autonómico, promover os valores da cultura solidaria como a intercooperación e atender ás súas necesidades. Así mesmo, destaca Coop57 (*Coop57.*, 2025), unha cooperativa de servizos financeiros solidarios e éticos que financia proxectos de economía social e solidaria para fomentar a transformación social da economía. O Consello Galego de Cooperativas, inscrito na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (Rede Eusumo, s. f.) preséntese como o máximo órgano colexiado de consultoría, representación e promoción do cooperativismo galego (Cooperativas de Galicia,

s.f.). Pola súa banda, a Rede Eusumo (s.f.) é unha rede de colaboración para a promoción da economía social autonómica a nivel local, rexional e transfronterizo (Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar, 2012).

3.3.3. A cultura como elemento vertebrador

Citan de Boiro *et al.* (2023) a Pepe Mújica cando este expresa que a cultura “é a cotidianidade dos valores cos que nos movemos na vida” (p.1). Son prácticas simbólicas, éticas e modos de facer, pero tamén o xeito de relacionarnos entre nós, con outras especies e coa terra (de Boiro *et al.*, 2023, p.36).

Pero, cal é o papel da cultura na loita contra o sistema actual?

A cultura é un dereito cidadán con capacidade de transformación social, un sistema vivo que articula e transforma un territorio. É o espazo, segundo Toni Puij (de Boiro *et al.*, 2023, p.14), dos valores e ideas, o fío que cose comunidade, identidade e sentido de pertenza. É (re)coñecemento, vida compartida, construción de civismo e formas de estar no mundo, pero nunca neutral nin neutra. Explica Morin (2025, en Herrero, 2013) que as persoas e as sociedades retroaliméntanse mutuamente, en canto a que as persoas se entenden a sí mesmas, as relacións e o mundo segundo a sociedade na que se inscriben e valores que aprenden no proceso de socialización, pero a sociedade modifícase segundo as actuacións destas persoas. Por tanto, é fundamental comprender os dogmas, crenzas e mitos da nosa cultura co fin de influir nos imaxinarios actuais (Herrero, 2013).

Por outra parte, a cultura, afirma Xavier Campos (de Boiro *et al.*, 2023), non é sinónimo de sector cultural, pero debe ser garantida dende o ámbito público mediante políticas culturais e sociais de calidade que permitan ás persoas e pobos desenvolver o seu potencial intelectual e creativo. A noción de cultura debe conectarse coa de ben común, incluíndo á economía da cultura, pero dende a defensa do dereito a acceder a ela e participar de maneira libre, creativa e diversa (de Boiro, *et al.*, 2023).

Actualmente, de feito, estase reforzando a aprobación de leis de dereitos culturais a nivel nacional e internacional que demostran un cambio de paradigma das políticas culturais públicas cara o aspecto máis social da cultura, segundo Alberto García (de Boiro *et al.*, 2023), aínda que a proximidade e creación de redes, a accesibilidade, inclusión e a participación ou implicación das persoas segue sendo tarefa pendente. Isto en Galicia é fundamental, posto que a nosa maneira de habitar o territorio segue dando peso ás celebracións comunitarias e “artefectos de participación cidadá” (p. 40) como as comisións de festas ou asociacións culturais ou veciñais. Ademais, os proxectos culturais “en

mayúsculas” (Nogué, 2016, p.489) -é dicir, diferente aos estándar de tipo económico, turístico ou agrícola- permiten revitalizar as áreas marxinais e despoboadas, chegando incluso a evitar a extinción de comunidades rurais (Nogué, 2016).

Como reivindicación, en conexión co aspecto da sustentabilidade, “para soste o planeta, cómpre soste tamén a cultura (...). A cultura por unha sustentabilidade da vida é o maior compromiso que podemos ter para deter as consecuencias da crise climática” (de Boiro *et al.*, p.106), xa que o xeito de habitar o territorio coa cultura crítica e participativa como centro permite que haia moitas veciñas en moitos lugares freando o extractivismo.

Por último, sinala Bagué (Gestión Comunitaria, 2023) que a cultura que se focaliza na capacidade de organización colectiva garantiza os dereitos e necesidades básicas da poboación, así como os proxectos e redes xurdidas nas marxes resolveron e resolven problemas a onde o Estado non chegou.

3.3.4. Problematicación dos conceptos cidade e rural contextualizados na Galiza

Dicia Henri Lefebvre (1967, en Macías, 2018) no ensaio *Le Droit à la ville*, no contexto de Maio do 68 en París, que o dereito á cidade é dereito colectivo que constrúe a posibilidade de pensar no espazo como produto social e político (Kike España, 2016, en Macías, 2018), máis aló do territorio físico. Xa Marcel Mauss, en 1927, entendíao como un ámbito da cidadanía (Jordi Borja, 2013, en Macías, 2018). Para Lefebvre era unha queixa, unha dor pola crise da vida cotiá na cidade, e unha reivindicación, unha proposta para crear unha vida urbana alternativa enfocada no futuro e no encontro (David Harvey, 2012, en Macías, 2018).

Explica Macías (2018) que a cidade preséntase como un lugar no que a vida ocorre, no que exercer resistencias (Yayo Herrero, 2018, en Macías, 2018). O espazo público configúrase como “condición y expresión de la ciudadanía, de los derechos ciudadanos” (Jordi Borja, 2013, p.101), diluído na produción do espazo capitalista, converténdose nun produto máis (Laurence Costes, 2011, p.91, en Macías, 2018). Isto entendeuse como a “morte da cidade”, segundo Françoise Choay (en Macías, 2018), ante a desaparición dos seus límites e os modos de vida locais que conformaban a identidade das persoas (Françoise Choay e Salvador Urrieta, 2009, en Macías, 2018), pese a que defendeu unha revolución urbana que recuperase a cidade. David Harvey (2012, en Macías, 2018), sen embargo, entendía o concepto de cidade como unha teorización romántica de algo que xa non existe e quizais nunca existiu.

Hoxe en día, segundo a autora, o dereito á cidade configúrase en base a loitas contra a turistificación ou a xentrificación, entre outras; é dicir, ao dereito ao espazo público significativo e belo (Jordi Borja, 2013 en Macías, 2018), xa non só na preservación patrimonial ou medioambiental, senón noutros moitos aspectos como o acceso universal a bens e servizos, a participación, igualdade política e xurídica, a visibilidade, a mobilidade/permanencia ou a seguridade (Macías, 2018). Actualmente, sen embargo, atopámonos con un espazo público concibido dende a especulación e funcionalismo, converténdose nun *non lugar* (Marc Augé, 2008, en Macías, 2018) ou un espazo-espectáculo (Jordi Borja, 2013 en Macías, 2018), tendencia da globalización que impide a creación e transformación deste por parte da intervención das habitantes (Cañas, 2009 en Macías, 2018). Segundo Lefebvre (Kike España, 2017 en Macías, 2018), existen tres tipos de espazos: o percibido -espazo físico-, o concibido -mental- e o vivido -social, da imaxinación e simbólico-. No proceso de desposesión só se ten en conta o primeiro (Macías, 2018).

Macías (2018) recorda tamén que cidade non é sinónimo de urbano, nin de espazo público. Neste sentido, aténdese entón á definición de rural. Pese a que a RAG (2018, en Macías, 2018) defíneo como a oposición á cidade, conectándose coa natureza e o mundo agrario, tal oposición non existe dende a 3ª Revolución Industrial, como defenden Limonad e Monte-Mór (2012 en Macías, 2018), sendo un “territorio complementario, antagónico y definidor de la ciudad” (p.3, en Macías, 2018, p.17), que perdeu a autosuficiencia ante unha subordinación á demanda da cidade, hexemónica. A lóxica do valor de cambio impúxose sobre o valor de uso, tamén no rural (Harvey, 2012, en Macías, 2018), que xa non é agrario pero aínda non é outra cousa (Baptista Oliveira, 2010 en Edelmiro López, 2013, en Macías, 2018).

Tampouco é definitoria a densidade de poboación como referencia, segundo Macías (2018), xa que a INE, de maneira simplista, concibe cidade como todo núcleo poboacional que supere os 10.000 habitantes e o rural, menor de 2.000 (Doval, 2013), pola contra, a OCDE afirma que o rural abrangue máximo 150 hab/km², pero se atopan coa definición da EUROSTAT enfocada na distribución dos asentamentos no territorio, incluíndo todo espazo como aglomerado urbano. Por tanto, a autora reivindica que o dereito á cidade expresada por Lefebvre tamén inclúe ao rural como lugar habitable, por tanto a súa definición e existencia non é homoxénea nin contén un modo xeralizado de vida, mesturándose o rural e urbano ante o avance da urbanización, pese a que si reflexa a organización patriarcal e xerárquica dos corpos no espazo (Socorro Pérez, 2009, en Macías, 2018).

No caso de Galicia, Martínez (2017 en Macías, 2018) plantexa tres dinámicas: (1) Suburbanización -colonización dos espazos produtivos con vivendas e abandono das actividades primarias-; (2) Abandono -despoboación de territorios demográficamente envellecidos e regresivos- e, por último, (3) Territorios activos -con actividade primaria que os mantén e transforma-.

Por outra parte, a identidade do rural galego está construído baixo unha imaxe estereotipada, segundo Macías (2018), similar á esencialización bioloxicista das identidades indíxenas, como explica. Esta idea de Galicia como “un rural maior, atrasado, pobre e gandeiro; para moitas a Galiza profunda” (Macías, 2018, p. 21) con mulleres sumisas e atrasadas, que provén do franquismo (Dopazo, 2017 en Macías, 2018), conformou a nosa idea “sobre o que foi e, en parte, aínda é o noso rural” (p.21), polo que é fundamental un proceso de descolonización e despatriarcalización do noso imaxinario.

Neste sentido, a autora explica que Galicia, “salvando as distancias” (p.22), sufriu procesos similares de colonización ante a regulación das identidades por lei, eliminación da nosa lingua e costumes -non hexemónicas- (Linda Tuhiwai, 2015 en Macías, 2018) e imposición dunha lingua hexemónica, como é o inglés ou castelán no seu momento, levando ao galego a agonizar. Este aspecto é fundamental, xa que as linguas non transmiten, senón que fabrican pensamentos e amosan a “complicidade co imperialismo lingüístico, que espalla unhas linguas e asasina outras” (Moure, 2011, p.12 en Macías, 2018), fenómeno que visibiliza a última enquisa de 2023 do IGE (s.f.) sobre o coñecemento e uso do galego nos fogares, onde só un 17,29% fala só galego e un 32,44% de persoas entre os 5 e 14 anos saben falalo pouco ou nada.

O rural galego e as mulleres galegas quedaron relegadas á “outridade”, á periferia construída por estas prácticas coloniais e patriarcais, explica Macías (2018), acabando esta “por ser identidade e a opresións pasan a definirte” (p.22). Por tanto, “o relato que construímos (...) parte da periferia pero non da vitimización. Parte da reivindicación das identidades e da riqueza das súas diferenzas como constituíntes do imaxinario colectivo e das distintas formas de ver o mundo” (Macías, 2018, p.23).

Por outra parte, en conexión co explicado na conceptualización de territorio, Nogué (2016) alude á construción dun novo neorruralismo do século XXI, conectado coa vinculación profunda das emocións aos lugares e á xestión do espazo público e ao desexo de experimentación dunha nova forma de territorialidade -é dicir, na relación entre as persoas e o entorno biosocial-. Este fenómeno baséase no proceso de asentamento no campo dunha

maioría xove que busca un proxecto de vida alternativo, pero tanto a súa diversificación e ampliación como o contexto sociocultural e económico no que opera -incluíndo os procesos migratorios cidade-campo derivados da crise do 2008 (Berger, Chevalier, Cortes, 2008 en Nogué, 2016)- dista moito dos inicios neorrurais do século XX,. Ademais, influidos polas actuais TIC, estes novos modelos cuestionan as relacións campo-cidade, cuxas barreiras conceptuais e funcionais están practicamente eliminadas, e rexeitan a oposición rural-urbano, así como resignifican categorías como traballo ou capital (Nogué, 2012 en Nogué, 2016).

Por último, Herrero (2024) reivindica a necesidade de planificar a transición ecosocial, mencionada anteriormente, de maneira integral, reconectando as cidades, medios rurais e espazos naturais, ante uns modelos de cidades actuais insostibles e vulnerables e a necesidade de respecto e escoita do tecido social do rural, co fortalecemento das comunidades como base.

4. METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN

Seguindo a visión da etnografía feminista, baixo a cal o papel investigador segue “una comprensión profunda de los filtros más importantes a través de los cuales percibimos el mundo y, particularmente, el tema que se está estudiando” (Behar, 1996, p.13 en Gregorio, 2019, p.4), é clave comezar por indicar a importancia dunha metodoloxía coherente coa perspectiva ética e política desta investigación. Este enfoque, castigado pola tradición androcéntrica -e clasista, racista, sexista e colonial (Gregorio, 2019)- da investigación clásica, asume que a “emotional reflexivity” (Alcázar-Campos, 2014, p.65 en Gregorio, 2019, p. 4) aporta un coñecemento que permite ser responsable coas nosas prácticas. Ademais, dito punto de partida tamén se conecta co territorio sentido e vivido, Galicia, a través dun “criterio de proximidade e autorreflexión, onde a proximidade familiar e o noso propio coñecemento dos territorios permitíronnos un achegamento máis profundo” (Botana e Novas, 2024, p.20), así como se decidiu o uso da lingua galega como forma de resistencia (Rocha e Back, 2024) á súa infravalorización e desaparición.

Así mesmo, atendeuse á busca de entidades con contextos socioculturais e territoriais diferentes nas catro provincias galegas co fin de aportar diversidade enriquecedora. O descubrimento das cooperativas produciuse mediante informantes persoais vinculados co cooperativismo dende unha perspectiva ecosocial, así como coñecemento propio pola interacción coas entidades de referencia no sector social, xa sexa por redes sociais, a través de eventos, prácticas académicas e incluso ofertas laborais. O criterio de selección marcouno a

misión, valores e actividades das cooperativas, vinculadas coa defensa dos dereitos humanos, así como o territorio de incidencia, diversificando entre o percibido como rural e o urbano. O contacto inicial, por último, realizouse mediante correo electrónico e, de maneira excepcional, por redes sociais e a aplicación de mensaxes *Whatsapp*, aínda que a interacción posterior realizouse principalmente pola segunda vía.

No plano formal, a investigación seguiu unha metodoloxía cualitativa, enfocada na busca de “respuestas a preguntas que remarcan cómo se produce la experiencia social y con qué significados” (Denzin e Lincoln, 1994, p.7, en Schenkel e Pérez, 2018, p.229). Dende unha perspectiva holística e humanista (Bogdan y Taylor, 1987 en Folgueiras, 2009), esta permite entender e influir na realidade mediante a interacción e observación dos suxeitos de estudo (Melero Aguilar, 2012) no seu marco de referencia (Jurgenson, 2003), “de forma local, contextual y situada” (Maxwell, 1996, en Schenkel e Pérez, 2018, p.229), sen esquecer os propios efectos da presenza da investigadora (Bogdan y Taylor, 1987 en Folgueiras, 2009). Segundo Schenkel e Pérez (2018), esta segue un método inductivo de deseño flexible e sensible ao contexto, interpretativo e multidimensional (Vasilachis, 2005, 2009, en Schenkel e Pérez, 2018).

Así mesmo, esta investigación contén elementos da investigación-acción na problematización da realidade para transformala e a autorreflexión das participantes sobre as súas situacións (Kemmis, 1984 en Folgueiras, 2009). Seguindo a Yuni e Urbano (2006), investígase en colaboración cos actores sociais dende un papel activo -polo que non neutral-, o que xera a necesidade de transparencia e diálogo.

Por outra parte, o proceso de investigación encádrase en 8 fases (Folgueiras, 2009): (1) Selección dun tema; (2) Identificación dun problema; (3) Revisión de literatura; (4) Selección do método investigador; (5 e 6) Recolección e análise de datos; (7) Interpretación dos resultados e elaboración de conclusións e, por último, a (8) Redacción de Informe final.

As técnicas utilizadas divídense, segundo o autor, en:

- ❖ Directas/interactivas

- Entrevistas cualitativas:

Orientadas á obtención oral e persoalizada de información sobre os acontecementos ou subxectividade vividas polas informantes. Neste caso, seleccionáronse mediante mostraxe teórico -polo potencial na comprensión do tema de estudio- a 6 cooperativas

galegas enfocadas nos ámbitos social, ambiental, cultural e educativo, con especial atención á súa perspectiva crítica, busca de transformación social e incidencia na contorna dende unha visión de dereitos humanos. Das entrevistas realizadas, semiestruturadas e abertas, tres foron presenciais -en diferentes localizacións escollidas conxuntamente-, e tres online, sendo en total 9 participantes -3 entrevistas foron de 2 membros e 3, individuais-. Enfocáronse na análise do seu funcionamento interno, interrelación entre cooperativas, características e relación co territorio e impacto nas comunidades de incidencia.

➤ Observación participante.

Que analiza os fenómenos e o seu dinamismo no seu propio marco. Na investigación este método foi secundario, polo que só se incluíu unha experiencia da man da Cooperativa Outonía, un encontro online de presentación de resultados dun proxecto vinculado coa temática da investigación, explicado en resultados. Caracterizouse por ser participada, aberta e asistemática, e incluír a técnica de rexistro aberta de nota de campo.

❖ Técnicas audiovisuais:

➤ Audio

Ferramenta utilizada nas entrevistas co fin de recompilar a información para a súa posterior revisión, transcripción e análise dos resultados a través dunha aplicación-móbil.

➤ Vídeo

Nas entrevistas *online*, realizadas a través de plataformas como *Google Meet* ou *Zoom*, a gravación da pantalla posibilitou a súa documentación.

❖ Indirectas/non interactivas

➤ Revisión e análise documental (RAD)

Segundo Morales (2015 en Corona, Almón e Garza, 2023), é o procedemento científico que mediante a sistematización indaga, recolle, organiza, analiza e interpreta a información do tema escollido. Na presente investigación, analizouse teoricamente aquelas temáticas, expostas no marco teórico, conectadas co obxecto de estudo mediante artigos académicos ou páxinas web de entidades vinculadas co cooperativismo. As ferramentas utilizadas, xa expostas, foron a nota de campo, as transcripcións e a presentación escrita dos resultados tras a súa interpretación.

En relación á poboación á que se dirixe, preténdese chegar a aquelas profesionais ou público sensibilizado coa perspectiva ecosocial e que precisan referentes e estratexias

aplicables. Como público secundario, pode ser interesante para a sociedade en xeral -especialmente de Galicia-, como fin sensibilizador.

Por outra parte, seguíronse as perspectivas ecofeminista e interseccional, desenvoltas no apartado “Epistemoloxías feministas como folla de ruta” do Marco teórico, tanto na selección das participantes e entidades, no desenvolvemento da metodoloxía como na interpretación dos resultados.

Por último, en canto á ética da investigación, esta pretende achegarse ao “ethos del cuidado” (Gregorio, 2019, p.5), con especial hincapé na dignidade das persoas participantes, así como a responsabilidade, respecto e a escoita empática por parte da investigadora.

Así mesmo, segue a ética profesional -sendo esta a ciencia de estudo dos deberes e dereitos das profesionais (Álvarez, 2007) - do Traballo social, profesión da investigadora, poñéndoo na práctica a través dun Acordo de Consentemento Informado aportado a todas as involucradas co fin de detallar a información e condicións da presente investigación, recordar os seus dereitos e permitir unha decisión libre de participación.

Así mesmo, a investigación desenvólvese de acordo aos principios e plantexamentos do Código Deontolóxico do Traballo Social, aprobado en 1999, cuxos principios básicos son a Dignidade, Liberdade e Igualdade (del Trabajo, 2012), e o Informe Belmont, que guía as investigacións para que estas sexan éticas e adecuadas (Maraví, 2007), rexéndose por tres principios éticos de beneficencia, respecto á dignidade humana e xustiza.

Cabe destacar, en relación ao último punto, que neste caso non se garante o anonimato por traballar as participantes en entidades de carácter público e social, aínda que as entrevistas realizáronse en espazos reservados para tal fin, permitindo garantir a privacidade e confidencialidade da información aportada.

Finalmente, os resultados desta investigación serán compartidos ás informantes e á sociedade mediante difusión da mesma co fin de agradecer a súa participación e aportar á súa visibilización.


6. NOVAS VÍAS: AS COOPERATIVAS COMO CAMIÑO

6.1 Presentacións das cooperativas

Antes de presentar as cooperativas participantes nesta investigación, é mester amosar algunhas liñas comúns:

A súa forma de organización interna é a de cooperativa de traballo asociado e/ou sen ánimo de lucro. As súas equipas son pequenas, practicamente na súa totalidade compostas por mulleres e de diferentes ámbitos profesionais -maioritariamente das ciencias sociais-. Ademais, todas sufriron modificacións nas estruturas organizacionais, unha constante no mundo das cooperativas en xeral, xa que son “entes vivos, que se crean e evolucionan segundo as persoas que forman parte. Pola propia organización, están abertas a crecer, decrecer e transformarse”, aporta Clara. En relación aos proxectos, preséntase maior independencia na elección e maior estabilización económica naquelas entidades de maior recorrido temporal, por ser máis coñecidas no territorio.

Figura 4: Mapeo xeográfico das cooperativas entrevistadas.



Fonte: Elaboración propia

Tras esta pequena caracterización e contextualización xeográfica (Figura 4), chegan as presentacións:

a. Outonía - Branca Albán (Interior de Lugo e Ourense)

As orixes de Outonía (<https://outoniacoop.gal/>) remóntanse a 2021, cando tres educadoras sociais -Tania Sánchez, Araceli Macías e Paula Carrera- de tres montañas do interior de Lugo e Ourense decidiron seguir o “soño colectivo de formar unha entidade que atende aos estereotipos, ruralidades diversas, dispersas, e dende este lugar de montaña como identidade forte”, explica Branca. Tras dous anos de formación, naceu Outonía, “o tempo de outono”. Nun inicio, os seus servizos vinculábanse á “educación-intervención en sí mesma (...) ser ter moito control das súas actividades e facendo de todo -educación sexoafectiva, campamentos,...-” ante as diversas necesidades transmitidas das áreas de intervención, pero foi configurándose ao redor da “súa relación co territorio, a súa visión das montañas, dos estereotipos e o dereito ao rural. Na defensa por unha vida plena nese territorio, acreditado dende a propia teoría que o que os nosos corpos fan afecta ao territorio, e o que pasa no territorio afecta aos nosos corpos”, reivindica. Máis tarde, chegaron as liñas que posúen actualmente, formativas e de sensibilización, de consultoría, intervención comunitaria e participación social. Branca Albán, filóloga e graduada en turismo, uniuse en setembro de 2022 como traballadora externa, incorporándose como socia-traballadora en 2024, e retirándose Paula do proxecto este ano 2025.

Constrúen os proxectos dende unha especialización permeable, é dicir, “todas pasamos por todo, xogamos coa especialización de cada unha”, aportando sobre intervencións na natureza -Tania-, políticas culturais -Araceli-, ou mediación cultural -Branca-. Xogan co radio de acción, sen límite fixado e segundo o proxecto. En canto ás actividades, variadas, exemplifícanse con un proxecto do que Branca séntese orgullosa, nas súas palabras: “Cartografías fluviais contemporáneas”. A raíz dos seus obradoiros de memoria con grupos de mulleres maiores, traballaron temas vinculados coa súa historia e relación co territorio, dende perspectivas como a autoestima relacional e a arte, “como unha especie de reparación histórica”. Tras unha diagnose, mapeáronse as sabedorías compartidas onde elas eran as protagonistas, que tivo como resultado un documental e audios, compartidos posteriormente á rapazada, xerando espazos interxeneracionais.

i. Observación participante - Encontro online “O rural imaxinado. Ruralidades, participación e infancia” - Tania Sánchez e Branca Albán

No marco da investigación participouse nun encontro online de presentación dos resultados da primeira edición do proxecto “O rural imaxinado. Ruralidades, participación e infancia”, contextualizado na iniciativa “Laboratorio Mutante”, tamén da cooperativa e

financiado pola Deputación de Lugo. A anfitriónaxe foi levada por Branca, con Tania como apoio técnico e presentadora dos resultados.

Neste proxecto, levado a cabo nos centros escolares rurais de As Nogais, Quiroga e Samos, xerouse unha “diagnose participada arredor da situación da ruralidade, do sentimento de pertenza e identidade e nas liñas necesarias para resignificar as narrativas e facer un presente e futuro vivible”, como plantexan no seu Instagram @mutantes_inrural. Así mesmo, o encadre, como se mencionou, foi o Laboratorio Mutante, que dende 2020 é un “lugar físico, simbólico, conceptual e virtual onde repensar as ruralidades e a intersección corpo-territorio dende unha perspectiva integral de xénero e dereito ao rural”, como presentaban na sesión. A “mutación” provén da combinación de diferentes formatos, ideas e contidos que se adaptan a diferentes prácticas, explican.

En relación ao encontro, este configurouse en primeiro lugar como unha presentación do propio proxecto e os resultados, introducindo a segunda edición, así como houbo intervencións por parte dun representante político da Área de Medio Rural, do Mar e Mocidade e de participantes de varias escolas, así como un espazo de diálogo aberto.

A información recopilada produto da observación participante incorporouse ao contido dos resultados desta investigación.

b. Feitoría Verde - Miguel Pardellas (Santiago de Compostela)

Feitoría Verde (<https://feitoriaverde.com/>) é constituída formalmente en decembro de 2012 por tres socias: Isa, Noa e Paula. Partindo de dúas liñas de acción claras: a educación ambiental e a igualdade de xénero con públicos escolares e adultos. “Nestes primeiros compases da cooperativa, xestiónase durante varios anos o Centro de Interpretación de Compostela (CIAC), fio condutor das intervencións”, sinala Miguel Pardellas, o representante nesta investigación da entidade. En 2017, pónese en marcha un invernadoiro de plantón en ecolóxico xunto con outras entidades do sector. Sen embargo, este proxecto faise incompatible coas demais actividades e, en 2019, a cooperativa roza o “colapso”, reconfigurándose a equipa. En 2020, Miguel e Ángela Fraga, actuais socias, toman a dirección de Feitoría Verde, construindo unha proposta máis ampla aproveitando a estrutura xa existente, engadindo as liñas da participación social e a educación social “en toda a súa extensión (afectivoemocional, sexual, etc.)”, sinala. Actualmente, uníronse dúas traballadoras máis, en proceso de incorporación como socias, Aida e Rebeca. O reparto de tarefas é acusado, xa que as intervencións en centros educativos son levadas a cabo por Ángela

-educadora social e pedagoga- , Aida -educadora- e puntualmente Rebeca -graduada en ciencias económicas e laborais-; o traballo con adultas, colectivas e centros socioculturais, Miguel e Rebeca en especial, e a investigación coa universidade e independente sosténse gracias a Miguel, ambientólogo e Doutor en Educación.

En relación ás súas actividades vertebradoras, ademais das intervencións nos centros educativos sobre convivencias, xestión de conflitos e igualdades, destaca o proxecto “Mulleres fronte as emerxencias climáticas”, en clave de empoderamento de mulleres maiores no ámbito rural, así como o desenvolvemento do Plan de Educación Ambiental para a Sostenibilidade do Ministerio de Transición Ecolóxica coa colaboración de varias organizacións, con accións vinculadas coa visión ecosocial ou a formación a educadores.

c. Arabías - Beatriz López Rey (Santiago de Compostela)

Arabías (<https://arabias.org/>) é unha cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro constituída legalmente en 2018 da man de Beatriz, a entrevistada, e Tania sendo as primeiras en atermos ao cambio de lei que permitía ser dúas socias. Entidade de iniciativa social centrada nos feminismos, Arabías sufríu varios cambios na configuración interna, crecendo e decrecendo ata que, na pandemia, tras diversas crisis vitais e laborais, incorporouse Belén Gavín Bermúdez, actual socia, marchando Tania. Este proceso, que requiriu de traballo e apoio externo, derivou na equipa actual, aínda que dende xaneiro, Belén atópase traballando como psicóloga nun proxecto público, polo que a súa dedicación é reducida.

Os eixos básicos cos que contan son a formación, a consultoría, a intervención social, o desenvolvemento e mediación comunitaria e a coeducación. Realizan investigacións para a Universidade ou administracións públicas e acompañan a outras organizacións na elaboración de protocolos e plans. O seu proxecto propio e en marcha máis destacado é “A cara B das violencias machistas”, cuxo obxectivo é a construción de “propostas de boas prácticas para a abordaxe pública e privada sobre as violencias machistas, poñendo no centro as vivencias e relatos das mulleres”, explica Beatriz. Tamén é relevante “O lavadoiro”, unha iniciativa de mediación e dinamización comunitaria co fin de construír un “proceso colectivo de acordos para xerar unha rede comunitaria e veciñal de arope e apoio ás mulleres en situación de violencia” a través da creación de tres grupos: as entidades públicas, un grupo de homes e un grupo de facilitadoras comunitarias -as propias veciñas-.

d. 7H Cooperativa Cultural - Andrea Barreira Freije e Clara Rodríguez Cordeiro (Santiago de Compostela)

7H Cooperativa Cultural (<https://7hcoop.gal/>), un proxecto de autoemprego colectivo baseado na economía social, nace no 2015 como “unha evolución natural de vir do tecido asociativo”, comenta Clara. Tras 10 anos de cambios internos, actualmente son dúas socias-traballadoras: Andrea, xornalista, escritora en lingua galega e especializada en estudos internacionais e comunicación tecnolóxica, científica e ambiental; e Clara, historiadora da arte especializada en educación artística, xénero e artes visuais contemporáneas -especialmente as *undergrounds*-. O foco de 7H é a visibilización do “traballo das mulleres no eido cultural, a figura das mulleres dende a cultura pero non exclusivamente do sector cultural”. As súas actividades principais son as “prácticas artísticas participativas e contextuais, xestión e mediación cultural, proxectos de cultura comunitaria, obradoiros e actividades de educación artística ou mediación cultural, produción e dirección artística de proxectos, acompañamento, comisariado de exposicións ou eventos artístico-culturais, creación comunitaria, etc.”, enumera Clara. En resumo, todo o vinculado coas áreas cultural e das artes. O seu proxecto máis destacado é o DELAS FEST, un Programa Feminista de Arte Urbana Contextual que pon en valor ás mulleres creadoras e a cultura comunitaria.

e. Alalá - Julieta e Candela Alasino (Tomiño)

Candela e Julieta Alasino son as socias fundadoras de Alalá (<https://alalacoop.gal/es/>). Na pandemia, tras un punto de inflexión, decidiron seguir os seus “soños e valores persoais, inquiredanzas polos feminismos e a parte ecolóxica” e artellaron esta cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro. Educadoras sociais especialistas en Educación Ecosocial, Arteterapia, Igualdade e Mediación Comunitaria, a súa andaina de emprendemento foi un reto, aínda que “empodéranos moitísimo a idea de ofrecer servizos de igualdade, socioeducativos, da natureza, para intentar achegar á comunidade certa sensibilidade e empatía, o importante para nós”, comenta Candela. O nome trasladou esta visión ecofeminista, xa que fai referencia aos “alalás, cantos galegos das mulleres do campo para informarse de que acabaran o traballo”, conectando coa “forza das mulleres labregas, o poder das mulleres. O que somos, o que levamos dentro”, explica Julieta.

Actualmente, tras unha formación con Espazo Coop. e o apoio de 50 pés, están sendo acompañadas pola Fundación Finanzas Éticas no aspecto vinculado coa tesorería, xa que foron seleccionadas como proxecto a apoiar nos próximos 5 anos.

As súas actividades céntranse na formación, acompañamento e desenvolvemento de proxectos para a transformación ecosocial de centros educativos, entidades sociais e organizacións.

f. Rexenerando - Olga Romasanta e Martín V. Añel (Ferrolterra)

Rexenerando (<https://rexenerando.com/>), cooperativa sen ánimo de lucro, creouse na zona de Ferrolterra alí polo 2014, aínda que o equipo mudou moito cos anos. Hoxe en día, está configurada por tres socias-traballadoras, Olga, historiadora de arte especializada en mediación cultural, Martín, sociólogo especializado en igualdade de xénero e diversidade sexual, que levan o peso da parte directiva, e Andrea Rico Adegá, educadora social e pedagoga con enfoque na facilitación de grupos; así como unha traballadora, Paola Bermúdez, educadora social centrada en participación cidadá. Recentemente, incorporouse outra traballadora indefinida, e tamén contan cun socio colaborador.

Están especializadas en tres áreas: En primeiro lugar, a facilitación de grupos, a participación cidadá, dinamización sociocomunitaria e acompañamento de procesos grupais e desenvolvemento organizacional; en segundo lugar, a promoción da igualdade, diversidade e dereitos LGBTIQ+ e, por último, a área de Cultura, memoria e lingua, levando a cabo tanto proxectos propios como acompañamento a administracións públicas, entidades e empresas para construír os seus.

Pese a ter numerosos proxectos, destacan “A Escola de participación cidadá” do Concello de Narón, no que levan sendo técnicas de participación do concello dende hai 4 anos, ata 2029. “É un proxecto con 3 ou 4 subproxectos, un paraugas, un servizo de participación” centrado na atención cidadá, o apoio ao tecido asociativo e dinamización da parroquia, creación de espazos de conversa como asembleas, mediación coa institución ou resolución de dúbidas e cuestións prácticas, destacando especialmente a educación na participación da mocidade a través de plenos escolares.

6.2 Resultados

A. Os coidados, peza clave.

Os coidados, tema central das epistemoloxías feministas (Orozco, 2010; Herrero, 2013; Keller, 2023; Herrero, 2024) operan como elemento transversal e clave das cooperativas, tanto na súa estrutura interna como a relación coas persoas coas que se traballa. A propia elección da cooperativa como fórmula empresarial responde, na maioría dos casos, a esta comprensión dela como forma de conexión cos coidados, chegando incluso a definirse

como “cooperativa de cuidados”, como sinalan dende Alalá, polas súas formas de organización e toma de decisións, como a xornada reducida de 32 horas que defenden dende 7H. Véase, por exemplo, na creación de Rexenerando que, segundo Olga, se fundou “para non ter que pedir permiso para coidar”, é dicir, para poder establecer unha conciliación real entre o ámbito persoal e o traballo. Ademais, incorpórase en moitas ocasións nos valores fundamentais, visibles especialmente dende unha perspectiva feminista interseccional que “aporta valor e visibilidade ao traballo reprodutivo da cooperativa e aos esforzos invisibles que non implican rendemento económico, asignados historicamente ás mulleres, mediante a redistribución, o recoñecemento ou sentir que podes medrar dentro da cooperativa”, como sinala Beatriz, de Arabías.

Así mesmo, en relación á súa incorporación á estrutura interna, sucede en dous formatos: formalizada ou informal. Cooperativas como Outonía, Rexenerando ou Feitoría Verde establecen un espazo regulado dentro da propia cooperativa para atender á variable dos cuidados internos, ao benestar do propio grupo e resolución de conflitos, como un “exercicio de coherencia, (...) de volver a colocarse onde queremos estar”, segundo Miguel. Tradúcese en traballo de coordinación emocional e acompañamento da “arquivística da cooperativa”⁹ no caso de Outonía, incluíndo saídas de lecer; xantares mensuais de encontro distendido como “mecanismo de autoxestión emocional”, como sinala Feitoría Verde; ou reunións calendarizadas “emocionais e de xestión interna”, como as denomina Rexenerando, nas que cobra importancia o papel de supervisión, facilitación e apoio externo (ferramenta compartida pola maioría dos equipos, sexa temporal ou con continuidade), funcionando de mediador e acompañante entre os membros dos grupos para a mellora da comunicación e o manexo de desequilibrios ou conflitos internos. Estes poden estar provocados, en gran medida, pola “falta de estrutura formal interna”, segundo Julieta de Alalá, ou a dificultade de encontro -físico- debido ao ritmo vital frenético, distancia xeográfica ou pola diversidade de visións e formas de traballar, como reflexiona Miguel, de Feitoría Verde.

Por outra parte, Arabías, 7H ou Alalá contan con espazos máis informais de acompañamento, ocio compartido e resolución de conflitos, xerándose nos momentos nos que se require, tamén fóra do contexto laboral: “ás veces coidarnos é levarnos ao médico ou parar de traballar para contarnos por qué estamos mal”, como mencionan dende 7H. Pese a que,

⁹ En relación a este termo, fai referencia ao contido, dinámicas, especialización e identidade deseñadas e xeradas polas membros da cooperativa, que permiten o cuidado e benestar grupal dende a emocionalidade -poñendo foco na base reprodutiva do traballo-, como sinala Branca, de Outonía.

como recoñece Clara, “moitas veces é máis sinxelo xerar entornos de coidados para fóra que para dentro” -incluíndo o autocoidado- “por estar inxeridas no sistema capitalista e nas súas dinámicas”, así como “pola socialización e cargas de xénero”, como indica Beatriz, é fundamental, “priorizar parar”, xa que “prevén conflitos e axuda a crecer e comprendernos mellor”, afirma Julieta.

En relación á esfera dos coidados externalizados, tanto Alalá como Arabías recalcan o principio fundamental do bo trato como base para traballar con comunidades, grupos ou calquera público, “un proceso que non se nomea”, opina Beatriz. Tamén é relevante cos grupos a perspectiva (trans)feminista, existindo diferentes vías de aplicación como a valorización do traballo reprodutivo como patrimonio inmaterial. Neste sentido, Candela, de Alalá, indica que nas primeiras sesións de traballo con infancias e adultos sempre incorporan ferramentas de visibilización e reflexión sobre este. Pola súa banda, Outonía exemplifícaa través de proxectos vinculados cos saberes e vivencias das mulleres maiores -protagonistas desta esfera invisibilizada-, así como aspectos prácticos como a adaptación e consenso dos horarios das actividades cos grupos ante a necesidade de conciliación das participantes, a mediación ante falta de coidados ou verticalidades nos grupos, o respecto a confidencialidade ou o reforzo do autocoidado. Tamén é clave esta perspectiva na elección e coidado das colaboradoras, como sinala 7H, a través do pago dun salario xusto -tendo unha póliza de crédito con Espazo Coop57 para poder pagarlles cedo-, respectando os seus tempos, liberdade e comodidade na realización do traballo, a toma de decisión mediante consenso ou as reunións presenciais.

Por último, destácase o aspecto emocional como outro factor clave de traballo, moi vinculado cos coidados e á loita antipatriarcal porque “articula á nosa interdependencia e ecodependencia, fronte a unha sociedade patriarcal que non recoñece que encarnamos un corpo físico inserto na natureza e que require de coidados, enerxía e tempo, alonxándonos das emocións”, plantexa Julieta, polo que hai que “traballalas en profundidade dunha maneira vivencial”. 7H reivindica a compatibilidade entre profesionalidade e a emocionalidade, xa que “somos seres emocionais, non máquinas, hai que reinterpretar o que implica ser profesional e romper con esa visión dicotómica do mundo”. “O saber non quita o emocional, e o emocional non quita o coñecemento”, di Andrea, en contraposición á visión esencialista e tradicional de “natureza fronte a ser humano”, completa Clara.

Por outra banda, tamén sinalan a importancia de “reivindicar a alegría” e o festexo como parte da loita. Neste sentido, Miguel expón un interesante termo: a esperanza crítica, ser capaces de “mirar cara ao futuro con esperanza, xa que doutra banda non se pode pelexar, non se pode ser coherentes”. Esta opera como “motivación ideolóxica, reforzada pola parte emocional fronte as problemáticas asociadas”, como expón o socio de Feitoría Verde.

B. Traballo ou activismo? A posición política e ética como motor.

As cooperativas entrevistadas son, como elas se definen, un “proxecto político” que ten que “representar o que ti eres”, afirman en 7H; “unha práctica situada no territorio no que habitamos”, como avanza Branca, e “unha forma de estar no mundo”, comenta Andrea. Isto implica que posúen unha posición ética, política e ideolóxica clara, baseada nos feminismos interseccionais, na perspectiva ecosocial, o dereito ao rural e a participación cidadá activa e comunitaria, a xustiza social, os dereitos das persoas migrantes e das persoas LGTBIQ+, entre outros. Olga resúmeo como un interese ante “os proxectos que nos permiten mirar con mirada crítica ás distintas opresións que nos atravesan como colectividade” e “á democracia profunda”, complementa Martín. Esta configúrase como guía das súas intervencións, sabendo que iso implica, como reconece Miguel, “renunciar a proxectos por estar en contra dos valores, como se desenvolven ou que os motiva, ou perder procesos polo posicionamento claro”. Aínda así, “non tería sentido traballar se non é con estas cousas moi claras”, afirma.

Dende 7H, a este respecto, expoñen que valoran o impacto emocional dos proxectos, pero tamén consultan ás súas colaboradoras, “se é máis importante a necesidade económica que o malestar (...), acordamos uns límites para poder traballar sen que afecten aos nosos valores, (...) hai que saber levar ao noso terreo o traballo” porque “traballamos con todas as cores políticas, pero non todas as ideoloxías”, afirma Andrea.

Xurde, neste sentido, unha reflexión compartida, a “dificultade de diferenciar entre o plano laboral e activista”, como expón Miguel, que engade “está entremezclado e ás veces fai que non sepa onde colocarme, é un esforzo constante de repensarse”. É unha “relación fina, dialéctica”, sinala Martín, xa que “o político da cooperativa toca o persoal, e o persoal é político”, como afirma Branca, chegando o traballo a “formar parte do meu activismo”, di Olga, pero tendo claro dende a “economía feminista que é un traballo, hai que poñer límites e coidarse (...) non facer como activistas o mesmo que no traballo”, defende. Xa a elección da cooperativa como fórmula, como se expuxo anteriormente, que implica unha “lóxica de decisións horizontais, socias en igualdade de condicións, sen ánimo de lucro” permite “seguir

tendo un perfil laboral non lonxe do activismo”, indica Miguel, pero “o que marca o carácter diferencial con unha asociación cultural ou activismo son as condicións laborais”, destaca Clara. En Rexenerando comparten esta visión, xa que, como comenta Martín, formar parte dos activismos foi motivado por “traballar en colectivo para mellorar a realidade, cambiar algo, enfoque que está na propia organización”, que traballa pola transformación social.

Sen embargo, recoñecen que aínda que “ten unha cara A que é conectar co valor do que se fai e motivarse, a cara B arrastra moito”, como plantexa Martín. Beatriz engade á conversa que “é moi difícil separar a vida do proxecto laboral, o que resulta un problema”, é unha “loita interna, ponse moito corpo nos proxectos, esforzos, horas extras, e logo ven a reflexión de se é posible, como compatibilizalo e poñer límites”; “cando a túa militancia está conectada co teu traballo, hai momentos nos que igual non se remata,(...) chega un momento no que o descanso está ao servizo do traballo”, completa Branca.

Por iso, é necesario que “desfrutes traballando”, segundo Miguel; compartido por Clara, que cita “se o corpo vai a pagar telo que desfrutar”, xa que “a vella discusión `vivir para traballar ou traballar para vivir`” provoca que “intentos non ter que facer esa escolla, o traballo é parte da vida, (...) e non somos robots para mudar de sombreiro `agora son nai, agora activista, etc.`”, somos todas as cousas nun mesmo espazo”, declara. Por tanto, a solución segundo Andrea, que foi autónoma durante moitos anos e nunca viviu o traballo “como un espazo de enfrontamento coas miñas loitas”, é “atopar un espazo de traballo acorde ao meu xeito de entender o mundo, unha comunidade que intentamos facer un espazo mellor, o sentido da comunidade que a cooperativa da”.

C. A defensa da lingua galega, posicionamento claro.

O galego é a lingua vehicular elixida por todas as cooperativas. Esta escolla non foi para ningunha unha cuestión trivial ou casual, senón que é, en palabras de Rexenerando, “unha peza irrenunciable e central nos proxectos e no día a día, un compromiso crítico co territorio e as súas opresións”; así como un “posicionamento claramente ideolóxico de reivindicación da lingua e cultura galegas incluso en proxectos estatais, (...) de posta en valor da xente de a pé, os saberes tradicionais e a cultura popular que articula a cultura `con maiúsculas`”, como sinala Miguel, aínda que considera que é unha “aposta arriscada”. Esta defensa dos dereitos lingüísticos provén de entender a lingua como “un valor fundamental no territorio galego pola situación social de opresión e diglosia que vivimos”, segundo Beatriz, de Arabías; dando exemplo tamén de neofalantismo, como é o caso de Julieta e Candela,

arxentinas migradas a Galicia, ás cales “emocionallles” participar na defensa da nosa lingua e cultura.

Enriquecendo a conversa, Branca, de Outonía, aínda que afirma que o seu proxecto político está completamente enlazado coa defensa da lingua, xa que “define a identidade do propio territorio”, si que existiu na súa cooperativa un punto de inflexión e reflexión a partir doutras perspectivas interseccionais e decoloniais que avogan polo “dereito a lisiar a lingua para facela accesible a outros relatos, corpos e persoas discas, migras, persoas que naceron aquí pero non tiveron a lingua galega como nativa”.

D. Metodoloxías, enfoques e visión ecosocial das cooperativas.

Se ben é certo que as metodoloxías utilizadas polas cooperativas son moi diversas, e adáptanse aos diferentes proxectos e actividades realizados, existen liñas comúns que destacan uns principios e enfoques compartidos.

En primeiro lugar, existe unha forte “crenza do colectivo”, como o define Martín, onde a participación, a cultura e mediación comunitaria e as intervencións grupais toman protagonismo, conectando coa análise de Keller (2023). Neste sentido, destácase as dinámicas participativas, nos que os temas “pasen polo corpo das persoas” e “experimenten”, segundo Beatriz e Branca, levando a reflexións individuais que impacten na comunidade dende a cooperación, o vivencial e significativo, segundo Alalá. Estas aterrízanse, por exemplo, en iniciativas centradas na resignificación territorial con base comunitaria, como expoñía Tania na sesión participada. Unha vez máis, impóñense os coidados, fundamentais para que “se establezan relacións simbióticas”, como explican dende 7H.

Ademais, a adaptabilidade das metodoloxías tamén responde ás especificidades dos grupos cos que se traballe, tendo en conta as súas opinións e necesidades e “focalizando os obxectivos comúns para que o proxecto teña sentido”, afirma Clara. Ademais, no caso do traballo con infancia -entendido como “público cautivo” por Outonía, ante a súa ausencia de elección na participación-, destácase a necesidade de alonxarse de dinámicas adultocéntricas, preservando “o dereito dos nenos de participar na comunidade” (Julieta), así como xerar espazos de reflexión e diálogo, plantexa Branca.

Por outra parte, en conexión coa perspectiva ecofeminista presentada por Herrero (2013; 2024), “o corpus teórico da cultura comunitaria, a territorialidad, a corporalidad, o entendemento da visión ecosocial, o ecofemismo,...beben da cultura de Abya Yala (América) e outras culturas”, afirma Branca, así como dos feminismos das comunidades do sur e os seus procesos comunitarios, explica Beatriz, sendo fundamental reivindicar os seus aportes para

evitar dinámicas neocoloniais como un “exercicio de xustiza restaurativa”, comenta Branca. Esta reivindicación conecta co forte enfoque crítico que presentan as cooperativas, destacando a perspectiva feminista e social interseccional, “é dicir, ser conscientes do lugar que ocupa cada quen; non impactar dende unha perspectiva individual, un lugar de privilexios. Hai que revisalos e usar ese poder para transformar”, reclama Beatriz. Destacan tamén a ruralidade crítica -baseada na loita contra a idea do rural homoxéneo e sen futuro-, a perspectiva decolonial e a visión ecosocial.

a. Visión ecosocial

A visión ecosocial, explorada por Herrero (2013; 2024), entre outras autoras tamén mencionadas, está presente de maneira máis ou menos explícita nas actuacións de todas as cooperativas entrevistadas, dende unha “clave decrecentista (...) que fai parte do ideario, asumindo as contradicións dun sistema capitalista”, recoñece Miguel.

Aínda que “o ecosocial podes entendela dende moitas perspectivas”, como sinala Clara, esta fundaméntase, segundo Julieta, no entendemento da biosfera, a nosa interdependencia con ela, “ser axente activo do cambio (...), replantexar as lóxicas insostibles coas que vivimos”, así como a súa conexión coa democracia, “garantir a participación dunha forma equitativa”, sendo fundamental a “visión da economía feminista”, sinala. Xa o propio “traballo con comunidades pequenas, que están vivindo unha situación de crise de desabastecemento de políticas e recursos, o común nos contextos rurais de Galicia”, fai que a perspectiva *eco* estea de maneira transversal, como reflexiona Beatriz.

Abórdase a cuestión ecosocial dende diferentes prismas. No caso de Alalá, por exemplo, existe unha especialización clara na educación ecosocial gracias á súa formación e traballo con Fuhem, fundación pioneira no ámbito. Feitoría Verde conta con esta abordaxe como sinal de identidade, coa igualdade de xénero ou a xustiza social. Incorporana de maneira transversal, dende proxectos vinculados co metabolismo ambiental da cidade ata a atención á crise ecosocial nos contidos das intervencións e no traballo de diagnose dos grupos, así como o coidado co impacto ambiental dos proxectos e a colocación dos coidados no centro destes. 7H, pola súa banda, pertence á Rede de Pacto da Cultura sustentable, traballando para xerar impactos máis positivos e con menos recursos. Por exemplo, colaboran con Delonas, un proxecto laboral para persoas con discapacidade na reutilización de material ou fan auditoría social con REAS Galicia anualmente para revisar o seu impacto.

Por último, destaca a vinculación da visión ecosocial coa ruralidade crítica. O dereito ao rural, a defensa dunha vida plena no territorio, a loita contra os estereotipos e a comprensión da interacción entre os nosos corpos e o territorio -e viceversa- forman parte da conversa, como plantexa Branca. De feito, a construción de proxectos con grupos de mulleres rurais é habitual na labor das cooperativas, onde se enfocan, entre outros temas, no rescate dos saberes comunitarios e ancestrais, na loita contra o extractivismo ou nos “coidados do territorio, a conexión coa terra e a soberanía alimentaria”, di Beatriz.

E. Recursos, o papel destacado das redes e reivindicacións.

En relación aos recursos cos que contan as cooperativas, destacan especialmente os recursos humanos e a construción de redes e alianzas con outras cooperativas, organizacións e persoas. “Ser parte dun contexto é un recurso”, reivindican dende 7H, fronte a “un sistema que non valora a vida”, impúlsanse e inspíranse, expresa Candela.

Esta interconexión dáse a través de diferentes vías, formais e non formais, e ven motivada pola afinidade ideolóxica e de praxe, o desexo de traballar en comunidade, a aprendizaxe, revisión, acompañamento e apoio mutuo, xa que “o traballo en rede é o que vertebrada as prácticas”, afirma Branca. “Non se pode tirar da individualidade (...), ou estás destinada á desaparición”, reconece.

En relación ás vías formais, traballan con “servizos complementarios e outros análogos, facendo tándem en determinados procesos” como explica Olga, así como forman parte de redes estruturadas, especialmente dentro da economía social. As máis destacadas son Espazo Coop -organización coa que a maioría formáronse nos seus inicios-, Coop 57, REACC ou REAS Galicia, aínda que mencionan moitas máis. Ademais, cando contratan servizos, priorizan “a escolla de colaboradoras dentro da economía social e solidaria”, din en 7H, como Nosa Enerxía, xa que “somos moi conscientes de que o noso emprego emprega a outras persoas, polo que hai que ter en conta quen coida as condicións (laborais)”, afirma Olga.

Así mesmo, colaboran e constrúen proxectos en común, enténdense como “aliadas e compañeiras, non competencia”, como indica Olga, chegando a derivar proxectos a outras profesionais máis especializadas. Nestas colaboracións, moitas veces “non hai unha estrutura formal para xerar programas en conxunto, senón que chega unha proposta ou subvención e o xeito de vertebrala é buscar alianzas nas nosas iguais, de aí xurde a sinerxía”, explica Branca, aínda que se intenta “manter unha rede de colaboracións permanentes con outras cooperativas amigas e con ideoloxía, liñas de intervención e visións similares”, comenta Miguel. Ás veces

algúns proxectos “polos tempos quedan no papel”, comenta Andrea, e como reconece Olga: “gustaríanos facer máis equipo co resto de equipos”.

En relación a este último aspecto, existe un desexo de “artellas novas formas de estar conectadas”, como expresan dende Alalá. No seu momento foi aterrizado a través da creación da xa extinta plataforma “Asociación de Estudos laborais feministas - ASELAFEM”, impulsada por Arabías, entre outras organizacións. A súa orixe veu motivada pola precarización laboral e a desconexión dos sindicatos coas entidades feministas e de transformación social, polo que “a idea foi crear unha rede para compartir saberes, alianzas, visibilización e a meta dos dereitos laborais” expresa Beatriz, xa que “as veces como socias traballadoras non falamos de dereitos senón de desexos; se nos empaña a mente con ese soño de emprendemento, de fago o que me apasiona, e te olvidas de que hai un marco (...) moi tramposo”, denuncia. Mediante campañas de visibilización da precarización do ámbito social, así como a dificultade das pequenas estruturas por competir contra grandes empresas por contratos público, conseguiron tecer alianzas entre cooperativas, pero “non dábamos a basto entre o traballo propio, a plataforma, o activismo” e tiveron que desactivala, conta Beatriz. Sen embargo, dende Feitoría Verde comentan que este plantexamento de xeración dunha “superestrutura que sirva de paraugas, unha cooperativa de cooperativas” máis formalizada e estable está volvendo a nacer entre algunhas cooperativas galegas co fin de que se “formalice o que xa se está facendo de maneira informal”.

Por outra parte, ter unha sede física configúrase como un dos recursos que, por presenza ou ausencia, afecta en gran medida ás dinámicas da cooperativa e do grupo. 7H e Rexenerando son as únicas que contan cun espazo propio, alugado, que lles permite estar integradas e asentadas nos barrios que habitan. Arabías, pola súa banda, comparte local con outros colectivos, aínda que foi “flutuante”. En cambio, Alalá, Feitoría Verde e Outonía non posúen sede física, cuestión de debate interno. Branca, por exemplo, reconece a complexidade do traballo en remoto, así como case non ver ás súas compañeiras presencialmente, xa que viven a unha hora e media de diferenza e sen “unha AP9”, denuncia. Véñse afectadas pola realidade do rural como “territorio disperso”, sendo os desprazamentos o groso do seu gasto económico.

Así mesmo, na maioría dos casos, os recursos persoais -coche, equipos informáticos, pero tamén “os contactos e capital social e cultural”, como indica Branca- póñense ao servizo da cooperativa, “por falta de fondos”, como sinala Alalá. En Feitoría Verde, comenta Miguel,

“o groso dos recursos económicos vai a pagar salarios, non hai inversión en outras cuestións”, aspecto aberto a revisión. 7H, en cambio, conta con gran variedade de equipamento acumulado en 10 anos, porque “ser unha cooperativa sen ánimo de lucro permite facer inversións na propia cooperativa”, chegando a ter un fondo para formación gratuíta anual.

Problemáticas das cooperativas

Por último, as cooperativas sinalan diferentes problemáticas asociadas especialmente á financiación, como xa se denunciaba no Manifesto asinado polas Cooperativas sen Ánimo de Lucro da Unión de Cooperativas Espazo Coop. (2020, p.7). Esta, principalmente pública, local ou autonómica, recíbese por proxectos por parte das administracións públicas, xa que as cooperativas non son “entidades subvencionadas como as ONGs”, como indica Clara. Así mesmo, contan con algún cliente privado, especialmente do terceiro sector, pero tamén centros educativos ou empresas, entre outras. Excepcionalmente, reciben financiación por parte de particulares en proxectos propios, como é o caso de Rexenerando e o seu Curso de Facilitación de grupos.

Con respecto ás problemáticas mencionadas, reitérase por todas as entrevistadas que existe unha clara falta de orzamento e, por ende, tempo, que leva ao sector a unha precarización que dificulta tanto a continuidade dos proxectos como a estabilidade económica das propias cooperativas, tendo que “dedicar moito tempo para conseguir fondos”, asevera Alalá. Esta “financiación fráxil” é vulnerable aos cambios políticos.

Estar “moi atadas aos prazos”, segundo Branca, dificulta “facer proxectos en clave educativa no rural”, como expresa Miguel, que necesitan ritmos máis lentos. Este feito reflicte a ausencia de dereitos culturais dalgúns territorios, esquecidos, que levan “moito tempo sen ser foco de atención das políticas culturais”, denuncia Branca. A maioría dos concellos pequenos, con menos fondos, acaban priorizando outros aspectos fronte á dinamización social “como asfaltar, aínda que non conten con espazos ou equipamentos culturais”, conta Branca, “unha lóxica coa que non estamos moi de acordo”, sinala Miguel.

Sen embargo, este asunto non é exclusivo do rural, xa que no ámbito urbano tamén se atopan sen orzamento nin recursos adecuados para intervencións comunitarias e “máis continuadas”, sinala Miguel. En 7H, denuncian un “falso apoio ao comunitario” por estar “de moda”, o que acaba provocando a precarización do traballo propio para apostar por construír un proxecto que realmente involucre á cidadanía. “O papel aguanta todo e queda moi bonito, pero hai que trasladalo á realidade”, reflexiona Andrea.

F. Público

Non existe un público definido: “o noso radio de acción é de 3 a 98 anos”, resume Branca. Atenden, como conta Martín, a un conxunto plural e heteroxéneo, como profesorado, familias, técnicas, profesionais, cidadanía xeral ou colectivos específicos. Nalgúns casos, actívanse colaboracións para combinar saberes e especializacións, sendo o caso de Arabías e Feitoría Verde. Noutros priorizan colectivos concretos, como 7H, que poñen o foco nas mulleres, aínda que buscan que “sexa o máis transversal e plural posible”.

Características dos grupos

En canto á vinculación entre o grupo, “depende da permeabilidade do barrio ou aldea na que interveñas”, afirma Branca. Existe, ademais, unha “necesidade expresada de encontrarse”, comenta Miguel. Isto vincúlase, plantexa Branca, “co xeito no que se estruturan os espazos, dende o xogo, o corpo (...), a seguridade, nunha época de desvertebración”. Por outra parte, en relación á comunicación cos grupos, a canle inicial é en moitas ocasións un axente territorial con gran capacidade de convocatoria, sen quen “ás veces é complexo chegar”, comparte Branca.

Problemáticas

A preocupación máis transmitida, recalcada por Saramago (ilmensajerononeimpot., 2011), é o “individualismo crecente”, aporta Miguel e a soidade non desexada, segundo Branca, problemática con “rosto de muller”, di Miguel, rural e anciá, ante a perda de espazos e tarefas tradicionalmente colectivas -como lavadoiros- nas comunidades rurais.

Outra das grandes problemáticas, tamén analizada polo escritor, é a “complexidade de participación”, reconece Branca, empeorada tras a pandemia, como observaron Beatriz, Clara ou Miguel. Preocupante, xa que “xerar espazos de participación (...) é prevención da soidade, porque xeras unha rede que protexe”, afirma Branca. Está motivada especialmente polas “lógicas dos servizos vistos como un programa cultural”, di Branca, onde “os públicos están acostumados a ser suxeitos pasivos”, “cliente/usuario e non participante” segundo Miguel. Ademais, “ninguén ten tempo, estamos superadas” o que leva á “desmobilización e desánimo xeral”, denuncia Clara, especialmente “as mulleres, que cando coidan (...) desaparecen da vida pública”. Sen esquecer os “problemas de accesibilidade, non só das persoas con discapacidade, tamén de clase”, reivindica Clara. Agrávase tamén pola falta de articulación social, infraestrutura de transporte público e os problemas da dispersión propias das áreas

rurais ou exteriores ás grandes cidades. “E articular iso levaría moito tempo e traballo, e non hai recursos”, reforza Clara, “para ir porta por porta”, sinala Miguel.

En terceiro lugar, existe unha lexitimación dos discursos de odio, como sinalaba Delgado (2004), motivada pola “irrupción de VOX e os influencers de redes que reforzan un discurso que hai 10 anos era impensable atopar de maneira aberta e orgullosa, especialmente entre a chavalada”, destaca Miguel. Así mesmo, Clara menciona que a polarización destes, potenciada polo virtual, é unha “cuestión que preocupa nos procesos e encontros, hai medo de que non sexan seguros”, o que desmobiliza.

Por último, destácase o adultocentrismo, tratando ás infancia como “seres presociais”, como reflexiona Tania, e a infantilización do público sénior na oferta cultural, denuncia Miguel.

G. Delimitación do territorio e relación das cooperativas co entorno xeográfico, social e cultural.

Atendendo á conceptualización de territorio, analizada teoricamente a través de autores como Llanos-Hernández (2010), Barbosa (2021) ou Nogué (2016), na sesión organizada por Outonía definiuse como o “espazo que se configura a través da interacción humana e non humana, podemos dicir que facemos e que somos territorio”. En vinculación a este tema, xorden varias conversas coas cooperativas: onde se intervén e por que, que relación se establece, cal é a súa percepción con respecto ás dinámicas territoriais segundo sexa rural ou urbano, entre outras.

En relación á elección do territorio de intervención, esta non foi casual en ningún dos casos. 7H, por exemplo, está asentado en Santiago e na súa contorna, territorio “xa coñecido vivencialmente”, como expresa Clara, traballando no “rural, urbano e rururbano”. No caso de Rexenerando, a súa sede atópase en Ferrol, aínda que traballan de maneira dispersa a nivel xeográfico, sempre en Galiza. Pese a heteroxeneidade de lugares, Martín menciona que están “moi apegadas e delimitadas ao nivel territorial, cando conceptualizamos un proxecto propio, queremos facelo aquí, en Ferrolterra”, porque “achegámonos dende o compromiso de ‘aquí hai que poder’ (...) contra o autoodio e o estereotipo de que non pasan cousas. Ten que haber máis democracia, máis acceso á cultura”, reivindica Olga. Así mesmo, consideran que é necesario coñecer o territorio “na vertical -historia- e na horizontal -por medio de diferentes axentes territoriais-”.

No caso de Outonía este aspecto é claro, xa que “defendemos a nosa práctica situada dende os lugares nos que xorde; habitar o territorio e facer parte da demanda de necesidades”, defende Branca. A súa razón de ser foi reconfigurar a relación das persoas cos seus lugares a través da problematización do rural presente e futuro, polo que a súa “identidade e servizos están moi vinculados co rural vivido, aínda que se ampliou. Se acudimos ao urbano é para explicar todo isto”, explica.

Para Feitoría Verde “pese a vivir en Compostela por traxectorias persoais, a vista está posta no rural da contorna de Santiago como postura ideolóxica e persoal, ademais de algúns proxectos puntuais na veiga de Ourense ou na zona de Barbanza”, conta Miguel. Non lle ven a lóxica a alonxarse, polo que fan alianzas con outras entidades que pertencen ao territorio e que pola súa vinculación e proximidade poidan participar do deseño. A idea, explica Miguel, e “non ser paracaidistas, achegarnos de súpeto e irnos”.

No caso de Arabías, mudou dende os inicios. Aínda que sempre se asentou en Galicia, orixinalmente tiñan como valor fundamental traballar en entornos rurais por ser “conscientes do desabastecemento das comunidades pequeniñas onde non chegan proxectos”, di Beatriz. Pero, tras un período de reflexión, consideraron que era máis adecuado que as cooperativas dos territorios fosen as que se adicasen a eles. Hoxe, traballan tanto no rural como no urbano, “pero sempre respectando a conexión co territorio, porque as identidades dos grupos están transversalizadas por el. (...) Os procesos teñen que adaptarse”, expresa.

En Alalá, traballan nun espazo híbrido, desprazándose segundo proxectos, aínda que están asentadas no rural.

Con respecto ao traballo enfocado na conexión entre o espazo físico e a comunidade, establécese dende diferentes vías, como é o reforzo da “comunidade física e humana”, segundo Miguel, que debe ser impulsada a tomar axencia na transformación desta; Outonía enfócao dende a loita polo “dereito rural, de xerar un benestar na vida das persoas e que exista participación cidadá en lugares considerados desertos demográficos”, segundo Branca. A construción identitaria vinculada ao territorio -reto coa rapazada- a través da lóxica local-non local e a relación co patrimonio, é unha das liñas de traballo de Feitoría Verde. Sobre este tema, Alalá achega como exemplo de activación do vínculo comunidade-territorio os seus proxectos interxeneracionais de intercambio de saberes acumulados das persoas maiores á xuventude sobre a relación coa terra. Rexenerando, pola súa banda, presenta proxectos de apego ao territorio -dinamización do tecido asociativo, traballo de campo,...- e

contextualización histórica, como os seus roteiros urbanos sobre a historia LGTBIQ+ ou obreira.

a. Debate sobre a -aparente- dicotomía urbano-rural.

Na conversa coas cooperativas tamén se atendeu á variable rural-urbano, problematizada por Macías (2018). Neste sentido, é importante cuestionar, como plantexa Clara, “que entendemos por rural?”, xa que “non existe un único rural, existen 3000”, incluso Santiago pode considerarse “rururbano”, sinala. Hai “moitas capas interrelacionadas”, pero sí que recoñece que “é distinto facer as cousas no centro que nas aforas, pero en base a articulación”, polo que “se un lugar está mobilizado, `da igual` que sexa un espazo urbano ou rural”, ademais de que “a mesma experiencia no mesmo lugar en 5 anos pode ser diferente”. Así mesmo, Alalá reivindica que hai que “entender onde estamos e responder dende aí, non se pode comparar o noso territorio con outras circunstancias rurais moi diferentes, porque estamos cheas de privilexios”. Olga, neste sentido, considera que en Galicia, pese a que “as fronteiras están moi difusas, é moi híbrido e hai confusión entre os conceptos”, é moi urbanocéntrica. “Parece que os do rural son habitantes de segunda”, como se reflexionou na sesión mediada por Outonía.

Por outra parte, Beatriz afirma que “non son defensora dos mitos de que no urbano non hai comunitario e no rural sempre o hai, xa que entran moitos factores”. En relación aos mitos, Branca plantexa a partir do traballo da súa compañeira Araceli (Macías, 2018) que o rural foise conformando en oposición e comparación á cidade dende un estereotipo homoxeneizante: “o rural é todo o que a cidade non é (...) é onde te aburres, fai frío, non pasa nada,...”. De feito, xorden discursos dende o “neururalismo” que consideran que deben “axitar algo que está en vías de extinción ou morto”, é dicir, ir “ao rural a activar cousas dende a cidade”, ocupándoo. Así mesmo, existiron e existen uns “mecanismos capitalistas de extracción e produtividade dos recursos do rural, gandeiro, por parte das cidades para o seu propio beneficio”, reivindica, que empobreceron aos territorios campesiños. Este contexto creou o mito do atraso, mantido por institucións, mundo urbano e incluso emigrados, do rural como “morto, atrasado, nostáxico -incluso bucólico-, unicamente gandeiro e desadaptado (...) no que o presente está cargado de abandono”, e onde a única saída é “marchar ás cidades para ter un futuro”, resumiu Tania, compañeira de Branca, no evento dinamizado por Outonía.

Tamén na conceptualización da cidade como territorio completamente urbano xorden problemas, xa que “hai moitas diferencias segundo as zonas; algúns funcionan como barrios,

outros non”, chegando a haber algúns que se autoperceben como zonas rurais, como é o caso de Conxo. Sen embargo, seguen véndose problemas como a falta de oferta cultural nas periferias das cidades, cuestión atendida por 7H, que no marco da súa praxe decidiron “levar esta oferta á periferia, para que por unha vez fosen os urbanitas o que tivesen que moverse”.

Ante estes dilemas, Branca plantexa a necesidade dun espazo entre cooperativas onde cuestionar a existencia dunha dicotomía entre rural e urbano, a responsabilidade colectiva da eliminación do estereotipo dos rurais para construír unha “visión cooperativa do que nos imaxinamos do rural e urbano”, así como compartir “que precisa cada unha no territorio no que opera”, reflexiona.

Por último, como continuación da cuestión do dereito ao rural aportado por Outonía, é relevante presentar os resultados obtidos ante a primeira edición do Laboratorio Mutante, no marco da sesión “Rural imaxinado. Ruralidades, participación e infancias”, presentado este ano, xa que atende á perspectiva territorial dende unha visión diverxente.

En primeiro lugar, fronte a un despoboamento que leva á esperanza, e un discurso que provoca a desposesión do rural dende un relato “do que foi e non do que poida ser”, como plantexa Tania, as infancias configúranse como custodia de saberes e salvagarda do rural do futuro. Para isto, ante unha visión herdada do territorio anclado ao pasado, é necesario repensar as lóxicas internas dende a propia idiosincrasia, explica, para “construír sen estereotipos” e que o rural poida ser un lugar “para unha vida digna e plena” e non só gandeiro e ao servizo da cidade. A perspectiva de dereitos culturais e a cultura comunitaria, por tanto, convírtense en medida preventiva na “mirada ao rural”, para centrarse no “rural imaxinado” -e participado-, onde o futuro desexado vincúlase con espazos colectivos e acceso á cultura.

Sen embargo, as accións puntuais non chegan, necesítanse procesos que fagan o territorio habitable, reivindica Tania na sesión. Para iso, é fundamental o cuestionamento, xa que “como nos vinculamos a un espazo no que cremos que non hai ninguén?”, cuestiona. Hai un “desexo de facer territorio, de apostar por outras prácticas culturais”, como se pode ver con iniciativas vivas como o Agrocuir, dando respostas adaptadas á contorna. É importante visibilizar estas narrativas que xa están sucedendo no rural, para non caer no discurso pesimista e homoxéneo do rural como atraso. Ademais, este proceso é imposible sen as veciñas, sen unha rede, e sen o vínculo co territorio, o arraigo que permite a experiencia participada de todos os corpos, “merecedores e necesarios nun espazo”, comparte.

H. Éxito, máis aló do cuantitativo.

Ante a cuestión: Que implica un bo resultado para ti?, acadáronse múltiples respostas, xa que “hai moitas capas do que definiría o éxito dun proxecto”, como indican dende 7H. Sen embargo, todas teñen algo en común: os indicadores que se establecen son cualitativos, a diferenza da maioría dos solicitados nas xustificacións dos proxectos.

En primeiro lugar, o principal indicador é que os grupos acaden independencia tras a intervención, “tras dotar de ferramentas (..) para que sigan cos seus propios medios”, segundo Miguel. En palabras de Beatriz: “este é o impacto comunitario, que a xente se apropie dos procesos” para que “sigan vivos”, se “adapten e modifiquen segundo as súas necesidades, tempos e desexos”. Aí está “a diferenza entre ser axitadora e mediadora”, considera Branca. Neste proceso, o acompañamento e apoio ante dificultades é desexable aínda que complexo, xa sexa pola falta de recursos, interés ou vinculación, conta Miguel. De feito, a rentabilidade económica e un bo financiamento tamén son claves de éxito para a perdurabilidade dun proxecto, como sinalan Martín ou Branca.

Asociado a estes aspectos, expónse como positivo o feito de que os grupos ou clientes sigan confiando na cooperativa tras a fin do proxecto, que volvan chamar, propoñan novas accións ou proxectos, e mobilicen recursos ou soliciten aos concellos unha nova intervención, como expresa Miguel, Julieta ou Martín.

En terceiro lugar, outro medidor de éxito moi mencionado é a construción de redes e vínculos derivadas dos encontros; “as cousas que sucederon en paralelo ao mesmo tempo que o proxecto se movía”, como o define Olga, xa sexa entre participantes ou cos propios membros da cooperativa.

Estes procesos existen, en gran medida, polo ambiente que se xera nas sesións e “a propia enerxía do grupo”, como di Candela, onde “o vínculo da educadora co grupo é o que da a clave de que funcione a intervención e teña continuidade”, afirma Miguel. Por tanto, outro dos parámetros que mencionan as entrevistadas responden a “indicadores emocionais”, como os nomea Andrea, é dicir, o nivel de satisfacción que expresan as participantes, que tanto elas como o equipo “desfruten mentres se fai” como menciona Martín, “que a xente sexa feliz”, comenta Clara e que “cando chega o final do proxecto, a xente implicada esté orgullosa e sinta que forman parte de algo que construíron xuntas”, recalca Andrea. Para que este benestar exista e que “o grupo funcione como grupo”, volve a recalcarse que os coidados

teñen que estar “presentes e evidentes” é dicir, que exista “respecto e posta en valor de cada un dos membros do grupo”, indica Miguel.

Así mesmo, sinálase a participación como outro elemento importante para un bo resultado, “que veña a xente que necesita e lle apeteza”, di Branca. Este parámetro pode incluírse nun dos indicadores expresados máis evidentes, o de cumprir cos obxectivos da intervención. Estes obxectivos poden ser os marcados polo proxecto ou, no caso de 7H, construídos en conxunto coas participantes, que poden modificarse, para “axudar a cumprir coas súas necesidades”, remarca Martín. Poden implicar cambios de actitude, procesos de apoderamento e creación de consciencia, como sinalan dende Rexenerando, ou a diversidade de contidos aprendidos, difíciles de avaliar pero visibles na sesión, segundo Miguel. A validación externa e os recoñecementos estatais tamén son indicadores de bos resultados, como plantexa Martín.

Por outro lado, un aspecto fundamental para que un proxecto sexa exitoso é “que se atenda á interseccionalidade, ás necesidades das persoas que poden aparecer ou que potencialmente aparecen”, xerar espazos accesibles e interxeneracionais, e que a comunicación sexa efectiva e se adapte ás circunstancias, reivindica Branca. Conseguir que os proxectos acaden este plantexamento non sempre é sinxelo, como recoñecen en 7H, especialmente no traballo con colectivos discriminados.

Por último, reivindícase que o éxito final é, en sí mesmo, a transformación social, aínda que “igual non o vemos”, di Clara. Como afirman dende 7H, o “éxito é unha palabra chungu, non sabemos se en verdade queremos que os nosos proxectos teñan éxito, depende do que signifique”. Para elas, éxito implica construír un espazo que as persoas precisan, no que se sentan coidadas, escoitadas e a gusto. Tamén admiten que “non queremos ser tan ilusas de creer que podemos cambiar o mundo, pero sí a persoas, cambiar os mundos a pequena escala (...), moitas pequenas fan unha grande”; “non se trata de facer cada vez proxectos máis grandes (...), o éxito será ter un salario digno, con menos horas, (...), o éxito é depende de onde poñas o foco”, plantexan.

I. Os recursos de medición do impacto.

Vinculado co apartado anterior, preguntóuselles ás cooperativas polos recursos de medición do impacto dos proxectos. Neste sentido, recóllese que os parámetros que son importantes para as cooperativas son habitualmente difíciles de medir e avaliar, máis alá dos “indicadores e mecanismos de avaliación máis concretos por subvención”, di Miguel. De feito, Rexenerando trasladou a necesidade de creación dun método de medición de impacto que actualmente non existe, ante dificultades técnicas e dúbidas de que e como medir

Os recursos de medición cos que contan actualmente inclúen “a percepción propia do grupo, métricas de redes sociais, dinámicas de grupo de educación non formal ou pedagogías críticas/socioafectivas que implican o corpo”, segundo Martín; un “seguemento” do proxecto, segundo Beatriz, e o habitual cuestionario final de avaliación, non sempre eficaz, como sinala Candela, ante a falta de participación. Tamén se presenta a avaliación “a 3 bandas”, como explica Miguel, que consta de reunións coa parte contratante para recibir o seu *feedback*, sesións específicas de avaliación do proxecto coas participantes e unha última entre a equipa. O importante, reflexiona Clara, é “deixar ese espazo para a retroalimentación en momentos físicos concretos”, un “diálogo para saber como te sentes e que opinas”. No caso de Arabías, na avaliación tamén se inclúe a valoración do “grado de impacto comunitario” que aporta a apropiación do proceso e a creación do grupo.

Aínda que nalgunhas das cooperativas os procesos avaliativos e os recursos de medición son parte fundamental dos seus proxectos, como é o caso de Arabías, que son incluso avaliadoras de proxectos doutras organizacións, noutras a metodoloxía non sempre está definida. Con respecto a esta realidade, Rexenerando reconece que lles gustaría “mellorar a sistematización da información porque faltan lecturas máis profundas a longo prazo para poder xerar outras, coñecer outro tipo de impactos, pero ninguén nola paga”, polo que dificultase a avaliación a medio prazo ante a falta de tempo -as “intervencións paracaidistas”, como as denomina Martín-, que provoca a perda de relacións cos grupos.

Sobre isto, 7H denuncian de novo a falta de orzamentación para realizar avaliacións e mediacións. “Sería guay poder facer avaliacións e compartir memorias máis completas co análise posterior ou externo, transferir os coñecementos, replicar iniciativas, aprender dos erros, modificar, pero na maioría dos casos terminas case pagando para traballar apostas polo comunitario”, reclama Clara.

Ese ideal implicaría tamén “partir dunha preavaliación de crenzas, desexos, expectativas, para ver se se manteñen e cumpren”, completa Andrea. Sen embargo, recoñecen

que seguen en contacto coas persoas coas que realizan proxectos para realizar un seguimento destes, polo que “aínda que non estea formalizado, é un análise máis profundo que facer unha enquisa. Non te da tempo a facer un informe (...) pero si hai tempo para coidar á xente”, reivindica Clara.

Por último, destácase a importancia dun sistema de avaliación interna e do impacto ecosocial das actividades. En relación á primeira, ademais de reflexionar sobre “como funcionou e como non para ir mudando”, sinala Beatriz, inclúese o “benestar das persoas que forman parte da intervención”, como plantexa Branca.

J. Son as cooperativas unha alternativa ao sistema capitalista actual?

Finalmente, un dos aspectos clave desta investigación é a busca de outras realidades e praxes que poidan representar unha vía diferente ao sistema imperante. Pese a todos os “atracos e barreiras” aos que se enfrontan as cooperativas, un “sector bastante descoñecido” e cuxos principios ás veces non son apoiados nin polos seus representantes, a pesar de existir un gran número de elas, como reflexiona Andrea, case todas plantéxanse como unha alternativa “viable e sostible”, segundo Martín, e unha “resistencia ao sistema actual”, como plantexa Candela.

En primeiro lugar, representa un modelo de traballo alonxado dunhas “lógicas extractivistas que afectan á vida das persoas”, segundo Branca, que “proporciona un medio de vida dende un modelo sen ánimo de lucro (...), dende a horizontalidade”, afirma Martín. Aínda que “estamos dentro dun sistema produtivo capitalista (...), e hai moitas lógicas dentro do sistema, (...) hai que celebrar formar parte dun traballo que non destrúe o mundo”, reivindica Olga.

Así mesmo, segundo Branca, xeran “espazos alternativos de comunidade para cuestionar o sistema no que vivimos” para as persoas coas que se involucran, a través de “traballar en proxectos (...) nos que se fale de extractivismo dos corpos e territorios, (...), ir plantando sementes de dúbidas”, e alonxarse de estereotipos dos territorios, especialmente do rural, “dándonos a posibilidade de contruir (...) espazos de confabulación doutra cousa”, afirma. A súa labor, dende os feminismos, permite “reflexionar e reparar en cuestións que antes non se vían”, remarca Beatriz. Ademais, existe un impacto ao construír “autonomía dos grupos, que poidan seguir facendo cousas”, como sinala Miguel, e “visibilizar a interdependencia”, plantexa Candela.

Por outra parte, reivíndícase de novo que o verdadeiro impacto alónxase das lóxicas de formulación dos proxectos e os prazos estipulados -que impiden cumprir con “obxectivos xustos de tempo e salario”, como denuncia Andrea-, xa que “se queres facer un traballo con tempo, xerando vínculo, ten que ser no micro e local. Cuantitativamente é moi reducido, pero cualitativamente (o impacto) é moito maior, e iso é difícil de xustificar nas subvencións porque lle dan máis valor ao cuantitativo”, reflexiona Miguel. Por tanto, esta realidade dificulta unha transcendencia maior da labor das cooperativas.

Neste sentido, Beatriz é crítica, xa que afirma que “non somos unha alternativa ao sistema capitalista, pero tratamos de promover ferramentas pequenas que poidan xerar cambios pequenos nas vidas cotiás. Dende os feminismos, do pequeno pódese construír algo máis grande”. “Non podemos cambiar o mundo”, di Olga, porque somos “moi pequenos fronte o gran monstruo”, reconece Miguel, pero “saberse acompañada de entidades coa mesma lóxica faite sentir que non estás soa, que hai máis persoas facendo pequenas cousas que en determinados momentos teñen un impacto grande, da esperanza”, remarca.

Por último, Clara é firme: “o sistema capitalista non existiu sempre nin ten que existir para sempre, se está matando a sí mesmo”, ás que chamamos alternativas “xa levan tempo funcionando e non son minoritarias, xa se demostrou que funcionan, pero non son o que está establecido (...), teñen moitos anos de historia e experiencias”. Andrea, complementando á súa compañeira, sinala que “cando vamos a algunha formación, cando á xente lle explicas (o que é unha cooperativa), interésase, polo que non é algo utópico, delirante ou imposible”. “Tampouco sei que outras alternativas reais hai agora mesmo”, admite.

7. CONCLUSIÓNS

Ante argumentos e exemplos suficientes como para afirmar os efectos negativos do capitalismo -de feito, os resultados desta investigación refórzanno-, a verdadeira cuestión é: pódese confrontar de maneira real? Existen alternativas? Están tendo impacto?

A hipótese da que se partía para o presente traballo era a idea de que as iniciativas escollidas impactan positivamente nas comunidades coas que se vinculan configurando espazos horizontais que enriquecen o tecido social e avanza cara unha sociedade máis xusta. Pese a que a resposta das incógnitas é, en si mesma, ambiciosa, consideramos que os froitos da

información aportada polas cooperativas permiten vislumbrar un camiño optimista nesa dirección.

Co obxectivo de aportar referentes galegos que amosasen que outras formas de estruturación social, de facer as cousas, era posible, comezouse esta andaina, derivando nalgúns resultados esperables e noutros que contrariaban os prexuízos e preconceitos propios do punto de partida da investigadora (Yuni e Urbano, 2006).

En primeiro lugar, aténdese a dous problemáticas identificadas nos resultados: a falta de recursos e tempos e a necesidade e desexos de tecer comunidade e espazos de encontro, que fai de espello coas problemáticas identificadas no público. Así, pese a que as cooperativas identifican como éxito a posibilidade de ser coherentes cos seus valores e discurso, a precariedade económica do sector cooperativo leva a que a demanda de recursos axustados ás necesidades dos proxectos desenvolto -que permitan a construción conxunta cos grupos e non se basen en dinámicas e ritmos capitalistas- sexa unha das principais. De feito, nun manifesto firmado por algunhas das cooperativas sen ánimo de lucro participantes nesta investigación sinalasen que “parece que non só non se premia, senón que se penaliza” (Unión de Cooperativas Espazo Coop., 2020, p.6).

Seguindo esta idea, ante un illamento social cada vez máis agravado, cos discursos de odio en alza - sendo as persecucións racistas deste xullo en Torre Pacheco (Murcia) e as ameazas do partido de extrema dereita VOX contra a poboación migrante un claro exemplo (laSexta.com, 2025)-, e unha desmobilización social motivada polo esgotamento dos ritmos aos que o sistema capitalista nos expón, a comunidade e os coidados volven a situarse como peza clave.

A revalorización do traballo reprodutivo, as emocións e os coidados ocupan un espazo grande nas reivindicacións e praxe das cooperativas, cunha perspectiva ecofeminista crítica e interseccional transversalizada que permite visibilizar estas esferas e traballar por volver a poñer a vida no centro. A presenza maioritaria de mulleres nesta tipoloxía de cooperativas non é sorprendente, ante unha socialización diferencial que nos expón á tarefa dos coidados, que consiguen incluír tanto a nivel interno como nas intervencións, pese á falta de apoio económico das institucións para iso. A interdependencia -reflectida nas redes de apoio mutuo construídas entre elas e derivadas da súa labor- e ecodependencia, fronte aos preceptos extractivistas e neoliberais do sistema actual, permiten, como mostran estas entidades, desenvolver proxectos cada vez máis sólidos nos que se poida traballar -con dereitos laborais dignos- para vivir, e non vivir para traballar.

Estes preceptos teóricos que guían a súa práctica non son outros que os das cosmovisións do Sur Global, polo que é fundamental valorizar os seus aportes e aplicar a perspectiva decolonial e antirracista na praxe, visibilizando ademais a violencia actual que están sufrindo as persoas migrantes e racializadas.

Estas cosmovisións tamén se vinculan ás relacións construídas cos territorios, evidente no caso das cooperativas. A identidade cultural e a lingua -perseguida a nivel institucional (Calvo, 2021; Macías, 2018)- entrelázanse cos espazos xeográficos, motivando ás cooperativas á práctica situada dende o local -clave-, dende a emocionalidade e conexión con este territorio como loita e lóxica, dende o corpo. Así mesmo, pese a que se desminte a dicotomía rural-urbano -recuperando o concepto de comunidades liberadas de Wellman e Leighton (1979, en Keller 2023)-, hai unha clara defensa do rural, sen contraposiciónalo á cidade conceptualmente pero sí sendo conscientes da relación de poder e privilexios que opera entre ambas. O centralismo urbano e a falta de interese institucional das mal entendidas como “periferias” provoca un abandono destas ao non chegar os recursos a todos os territorios. Ademais desta crítica, apórtase outra contra o neorruralismo, defendendo que o rural non está morto nin precisa dun complexo salvador por parte dos urbanistas, senón que precisa de construír un presente e futuro vivo e dinámico. A cidade, neste aspecto, enténdese como un concepto aberto e heteroxéneo, ante as especificidades de cada territorio.

Por outra parte, recuperando a comunidade como pilar fundamental na construción do futuro desexado, enténdese por parte das entrevistadas que o maior éxito pola súa parte é facer efectiva a súa creación, facilitar a construción de espazos colectivos interseccionais, diversos e amables, nos que as participantes creen redes que acaben transformando de maneira autónoma e activa a súa realidade. O éxito último é, por tanto, a transformación social, á que aspiran e pola que loitan con esperanza crítica, coa cultura como ferramenta indispensable. Plantéxase a necesidade de desenvolver metodoloxías máis eficaces de sistematización da información, pese a que se requiren de intervencións longas para poder medir o impacto e eso trae a colación, de novo, a necesidade de financiación -pública-.

Conclúese, por tanto, que a propia coherencia e creación dunha forma de vida que escapa das lóxicas destrutivas do sistema socioeconómico e ideolóxico actual, e que fomenta a participación activa da sociedade dende unha posición crítica e constructiva, leva ás cooperativas a ser un modelo empresarial que permite, efectivamente, construír outra realidade.

Citando a Lamas (2014, p.5, en Gregorio, 2019, p.2), reivindicamos “¿Podrá la rica diversidad del feminismo, cuya variedad de posturas y tendencias contiene una potencia inconmensurable, confrontar a la hidra de mil cabezas del neoliberalismo? No lo sé. Sin embargo, no nos queda otra que seguir adelante”. E co feminismo, o resto de movementos sociais que avogan por un mundo máis diverso, horizontal, xusto, decrecentista e interconectado.

Por último, en relación ás limitacións encontradas e futuras liñas de traballo, cabe sinalar que estaba plantexada a realización dun Grupo de discusión entre os membros das cooperativas co obxectivo de debater sobre converxencias e disidencias entre elas e os territorios de incidencia, aspectos das súas situacións diferenciais e problemáticas vividas en colectivo. Sen embargo, foi imposible acadar unha data nas axendas que fose viable a realización do sinalado evento -incluso coa posibilidade de realizalo *online*-, pese ao desexo expresado de encontro, visibilizando de novo a falta de tempos. Así mesmo, sería interesante formular vías de medición do impacto e atender ás variables analizadas para afrontar as problemáticas expostas e formas de resolución ou mellora.

7. BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, B. G. (2007). Los profesionales de Trabajo Social y la ética profesional ante los nuevos retos y necesidades sociales. *Humanismo y Trabajo Social*, volume 006. Universidad de León, 173-188
- Álvarez, L. A. (2011). La economía de Galicia, una panorámica, c. 1750-2010. *Historia contemporánea*, (42).
- Barbosa Gusman Correia de Araujo, M. I. (2021). *A valorização cultural e económica das identidades dos territórios: o caso de estudo do norte de Portugal* (Tese Doctoral, Universidade de Santiago de Compostela).
- Benjamin, W. (2016). El capitalismo como religión. *Revista Crítica de Literatura Latinoamericana Katatay*. nº 13-14
- Blanco, A. O. (2025, 26 mayo). Cooperativismo en Galicia: unha realidade en expansión. *La Voz de Galicia*.
https://www.lavozdegalicia.es/noticia/opinion/2025/05/26/cooperativismo-galicia-expansion/0003_202505G26P11992.htm
- Botana, C., & Novas, M. (2024). Potenciais da investigación afectiva na produción de coñecemento territorial galego. *Crítica urbana: revista de estudos urbanos y territoriales*, 7(31). 18-22
- Calvo, V. C.. (2021). El PP de Galicia y la disputa hegemónica del apoliticismo. *Viento sur: Por una izquierda alternativa*, (178), 109-118.
- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración - Xunta de Galicia. (s. f.). *Asesoría Virtual do Rexistro de Cooperativas - Normativa Cooperativa*. emprego.xunta.gal.
https://emprego.xunta.gal/lrpro/web/av_cooperativas/normativa-cooperativa
- Cooperativas de galicia*. (s. f.). <http://cooperativasdegalicia.xunta.gal/quienes/quienes.html>
- Cooperativismo*. (2024, 17 diciembre). Espazo Coop - Unión de Cooperativas Galegas.
<https://espazo.coop/es/cooperativismo/>
- Coop57* (2025, 31 enero). Bancaetica.es <https://www.bancaetica.es/coop57>
- Corona, J. I. M., Almón, G. E. P., & Garza, D. B. O. (2023). Guía para la revisión y el análisis documental: propuesta desde el enfoque investigativo. *Revista Ra Ximhai*, 19(1), 67-83.
- de Boiro, A., Campos, X., Mendoza, S., Lorenzo, M., Lago, E., Fiallega, S., Quiroga, F., Barreira, A., R. Cordeiro, C., Lago, S., Pascual, R., Lorenzo, C., Bermejo, B.,

- Estévez, A., & Baqueiro, M. (2023). *A cultura é un dereito: Unha visión social da cultura* (1ª edición). - Deputación da Coruña
- de Cea, X. (2024). Plataforma Ulloa Viva: sine die nas portelas da esperanza. *Cerna: Revista galega de ecoloxía e medio ambiente*, (91), 9-11.
- Delgado, J. O. (2004). Globalización neoliberal: economía política y cultura. *Globalización, Revista Mensual de Economía, Sociedad y Cultura*.
- del Trabajo Social, C. G. (Ed.). (2012). *Código deontológico de trabajo social*. Consejo General del Trabajo Social.
- Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar (2012). *El cooperativismo en Galicia*. Xunta de Galicia.
https://espazo.coop/wp-content/uploads/2012/11/Cooperativismo_ESP_final_web_121026.pdf
- Dobb, M. (1999). *Estudios sobre el desarrollo del capitalismo*. siglo XXI.
- Doval Adán, A. (2013). La articulación del sistema urbano de Galicia. *Ciudad Y Territorio Estudios Territoriales*, 45(178), 669–685.
<https://recyt.fecyt.es/index.php/CyTET/article/view/76267>
- Fernández, S. A., & Peña, A. B. (2004). Debating the concept of political opportunities in relation to the Galician social movement 'Nunca Máis'. *South European Society and Politics*, 9(3), 28-53.
- Folgueiras Bertomeu, P., (2009). Métodos y técnicas de recogida y análisis de información cualitativa [Diapositiva de PowerPoint]. Universidad de Barcelona.
<https://studylib.es/doc/5053486/m%C3%A9todos-y-t%C3%A9cnicas-de-recogida-y-an%C3%A1lisis-de-informaci%C3%B3n-...>
- Gallardo Nieto, E. M., & Espinosa Spínola, M. (2019). La creatividad de género frente al sistema sexo-générico: Voces de niñas y adolescentes trans. *Revista sobre la infancia y la adolescencia*, (17), 21-39.
- George, S. (1999, March). Breve historia del neoliberalismo: veinte años de economía de élite y las oportunidades emergentes para un cambio estructural. In *Conferencia sobre Soberanía Económica en un Mundo Globalizado*. Bangkok, marzo (pp. 24-26).
- Gestión Comunitaria. (2023). *Crítica Urbana - Revista de Estudios Urbanos y Territoriales*, Vol. VI(Núm. 29). <https://criticaurbana.com/gestion-comunitaria>
- Gregorio, C. G. (2019). Explorar posibilidades y potencialidades de una etnografía feminista. *Disparidades. Revista de Antropología*, 74(1),
<https://doi.org/10.3989/dra.2019.01.002.01>

- Herrero, Y. (2013). Miradas ecofeministas para transitar a un mundo justo y sostenible. *Revista de economía crítica*, (16), 278-307.
- Herrero, Y. (2024). ¿ De qué hablamos cuando hablamos de una Transición Ecosocial Justa?. *Dossieres EsF*, (52), 6-11.
- IGE - Instituto Galego de Estatística. (s. f.). *Instituto Galego de Estatística*. <https://www.ige.gal/web/index.jsp>
- ilmensajerononeimpot. (2011, 25 mayo). *José Saramago- La alternativa al neoliberalismo se llama conciencia* [Video]. YouTube. https://www.youtube.com/watch?v=AvBypYy_EHA
- Jurgenson, J. L. Á. G. (2003). *Cómo hacer investigación cualitativa: fundamentos y metodología*. (1ª edición) Paidós Educador
- Keller, C. (2023). Cuidar en común. Los proyectos comunitarios en la democratización del cuidado. (Tesis Doctoral. Universitat de Vic - Universitat Central de Catalunya) <http://hdl.handle.net/10854/7265>
- laSexta.com. (2025, 15 julio). Qué está pasando en Torre-Pacheco y por qué este municipio de Murcia se ha convertido en escenario de cacerías. *LaSexta*. https://www.lasexta.com/noticias/sociedad/que-esta-pasando-torrepacheco-que-este-municipio-murcia-convirtio-escenario-cacerias-migrantes_202507156874f263525aa26f9a4c27e2.html
- Llanos-Hernández, L. (2010). El concepto del territorio y la investigación en las ciencias sociales. *Agricultura, sociedad y desarrollo*, 7(3), 207-220.
- Macías García, A. (2018). Voces das últimas que foron quedando, un diálogo sobre o hábitat e o dereito ao rural: achegas á cosmovisión das indíxenas nicaragüenses e das mulleres rurais galegas. (Tese Doctoral. Universidade de A Coruña) <http://hdl.handle.net/2183/22536>
- Maraví, R. M. (2007). Contexto ético de la investigación social. *Investigación educativa*, 11(19), 137-151.
- Márquez Covarrubias, H. (2010). La gran crisis del capitalismo neoliberal. *Andamios*, 7(13), 57-84.
- Melero Aguilar, N. (2012). El paradigma crítico y los aportes de la investigación acción participativa en la transformación de la realidad: un análisis desde las ciencias sociales. *Cuestiones pedagógicas*, 21, 339-355.
- Moya, E. F., & Collantes, J. L. V. (2012). De la incertidumbre social a la acción colectiva. *Prisma Social: revista de investigación social*, (8), 9. 269-307

- Nogué i Font, J. (2016). El reencuentro con el lugar: nuevas ruralidades, nuevos paisajes y cambio de paradigma. *Documents d'Anàlisi Geogràfica*, 2016, vol. 62, núm. 3, p. 489-502.
- Orozco, A. P. (2010). Diagnóstico de la crisis y respuestas desde la economía feminista. *Revista de Economía Crítica*, (9), 131-144.
- Pereira, B. C. J. (2021). Sobre usos e possibilidades da interseccionalidade. *Civitas-Revista de Ciências Sociais*, 21(3), 445-454.
- Piñeira-Mantiñán, M. J., López-Rodríguez, R., & Gusman, I. (2025) Cincuenta años de transformaciones urbanas en Galicia: ¿en qué hemos cambiado?. *Ciudad y Territorio Estudios Territoriales*, 57(224), 957-970.
- Rede Eusumo | Economía social de Galicia. (s. f.). *Rede Eusumo* <https://eusumo.gal/>
- Rocha, S. R. P., & Back, A. C. D. P. (2024). Pistas históricas da resistència da Língua Galega: da origem à redemocratização e normatização para o ensino. *Cadernos de Estudos Linguísticos*, 66, n. 00, e024008 2024. DOI: [10.20396/cel.v66i00.8676331](https://doi.org/10.20396/cel.v66i00.8676331).
Disponible en:
<https://periodicos.sbu.unicamp.br/ojs/index.php/cel/article/view/8676331>.
- Sandoval Álvarez, R., & Salcido Serrano, R. D. C. (2014). Pensar los procesos anticapitalistas desde la perspectiva de la autorreflexividad crítica de la práctica. In *IV Encuentro Latinoamericano de Metodología de las Ciencias Sociales (Costa Rica, 27 al 29 de agosto de 2014)*.
- Saxe-Fernández, J., & Fal Butti, J. P. (2012). La especificidad de la etapa actual del capitalismo: los límites materiales del crecimiento y sus consecuencias geopolíticas. Centro de Investigaciones Interdisciplinarias en Ciencias y Humanidades, UNAM.
- Schenkel, E., & Pérez, M. I. (2018). Un abordaje teórico de la investigación cualitativa como enfoque metodológico. *Acta geográfica*, 12(30), 227-233.
- Soler, E. G. (2006). Cooperativismo y globalización. *Boletín de la Asociación Internacional de Derecho Cooperativo: International Association of Cooperative Law Journal*, (40), 49-62.
- Unión de Cooperativas Espazo Coop. (2020). *Cooperativas sen ánimo de lucro [Manifiesto]*.
https://espazo.coop/wp-content/uploads/2021/02/coop.SenLucro_MANIFESTO.pdf
- Vega, C. (2023, 11 noviembre). *La relación entre capitalismo y neoliberalismo. Aprende Economía*.

[https://aprendeconomia.info/que-relacion-hay-entre-capitalismo-y-neoliberalismo/#que es el capitalismo](https://aprendeconomia.info/que-relacion-hay-entre-capitalismo-y-neoliberalismo/#que_es_el_capitalismo)

Xunta de Galicia. (2025, 23 mayo). *La Xunta destaca el auge del cooperativismo como fórmula a favor de la igualdad y del empleo de calidad*. Xunta de Galicia. <https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/nova/013115/xunta-destaca-auge-del-cooperativismo-como-formula-favor-igualdad-del-empleo>

Yuni, J. A., & Urbano, C. A. (2006). Mapas y herramientas para conocer la escuela: investigación etnográfica e investigación-acción. Editorial Brujas